

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de setembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona Eva María Casal Sanjurjo, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión (seis concelleiros do PP, cinco do PSdeG-PSOE, dous de UxC, dous de EU, un do BNG e dous do GM) aprobou o borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento dos escritos presentados polos concelleiros do grupo municipal de UxC respecto da designación de titulares e suplentes na Xunta de Voceiros, Comisións Informativas e Mesa de Contratación

A secretaria da Corporación dá lectura aos escritos rexistrados de entrada aos núm. 12345, 12346 e 12347, de data 18 de setembro de 2013, presentados polo grupo municipal de UxC respecto da designación de titulares e suplentes na Xunta de

Voceiros, Comisións Informativas e Mesa de Contratación, quedando os nomeamentos tal e como constan a continuación:

- Voceiro do grupo municipal:

Titular: Don Óscar Alfonso García Patiño
1ª suplente: Dona Elisa Pestonit Barreiros
2ª suplente: Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez

- Mesa de Contratación:

Titular: Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez
Suplente: Dona Elisa Pestonit Barreiros

- Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda:

- Titulares: Dona Elisa Pestonit Barreiros e don Óscar Alfonso García Patiño
- Suplente: Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez

- Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo:

- Titulares: Don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros
- Suplente: Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez

- Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social:

- Titulares: Dona Elisa Pestonit Barreiros e don Óscar Alfonso García Patiño
- Suplente: Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez

- Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo:

- Titulares: Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez e dona Elisa Pestonit Barreiros
- Suplente: Don Óscar Alfonso García Patiño

- Comisión Especial de Contas:

- Titulares: Don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros
- Suplente: Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez

2.2. Aprobación, se procede, da prórroga do contrato de xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de limpeza pública no Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 18 de setembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 24 de setembro de 2013.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a proposta consiste en prorrogar durante un ano o contrato de servizo de limpeza viaria. Estaba contratado por sete anos e estaban previstas tres prórrogas anuais, está próximo o seu vencemento e o trámite que corresponde é propoñerlle ao Pleno a aprobación da primeira das prórrogas.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol deste punto, porque queren lembrar que este concello foi pioneiro nunha colaboración con empresas onde se dá traballo a persoas con risco de exclusión social, con distintas problemáticas. É unha maneira máis de integrarse na sociedade, polo que non cabe outra cousa que estar a prol deste tema.

Así mesmo, hai un informe favorable dos técnicos e eles, o que tamén perciben por parte dos veciños, é un sentir bastante xeneralizado, unha satisfacción polo servizo que se está facendo por parte desta empresa.

Engade que, aínda que xa saben que é unha empresa e depende dela, o que si lles gustaría é que o equipo de goberno tomase nota e, a ser posible, fíxese participe á empresa da proposta de que sempre que teña a posibilidade de facer unha contratación e dita contratación poida recaer nalgún veciño de Cambre que cumpra os requisitos, gustaríalles que a empresa o tomase en consideración.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo mantén o voto da comisión informativa, que foi a favor. Coincidindo un pouco co que dixo o compañeiro do partido socialista consideran que esta empresa está prestando un servizo nunhas condicións moi notables, e, por outra parte, tamén hai que recoñecer o labor social que presta esta empresa no Concello de Cambre e noutros concellos da área metropolitana.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que, en primeiro lugar, quere escusar a ausencia da voceira do seu grupo, que se atopa de vacacións, como xa comunicou no concello.

Por outra parte, di que o seu grupo vai votar favorablemente a prórroga do contrato. Non vai redundar nas valoracións feitas polos compañeiros do PSOE e de EU, o que si desexa, dende logo, é que esta colaboración e esta relación contractual se poida prorrogar no tempo, polo menos con tan bos resultados como ata agora.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Prorrogar, polo prazo dun ano desde o día 8 de xaneiro de 2014, data prevista para o remate do prazo contractual principal, o contrato suscrito coa entidade “EMPREGO SOCIAL, S.L.”, relativo á xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de limpeza pública no Concello de Cambre (expediente: 2006/ 17-1 GEST).

SERV. P.),o que supón unha vixencia do contrato principal ata o día 8 de xaneiro de 2015, isto sen prexuízo de que, antes do vencemento deste prazo, se poida adoptar unha nova prórroga, á vista do establecido na cláusula quinta do contrato, quinta do prego de cláusulas administrativas particulares e no epígrafe catro do cadro de características do contrato.

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade “EMPREGO SOCIAL, S.L.”, con CIF: B15565864 e enderezo na rúa das Rúas, n.º 3 baixo, C.P. 15660 Cambre (A Coruña), así como ao departamento de Obras e Servizos,e máis a Intervención municipal, para os efectos oportunos.

2.3 Proposta de creación do servizo público municipal de depuración de augas residuais e a súa xestión de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais de data 18 de febreiro de 2013.

Visto o informe emitido pola Asesoría xurídica de Medio Ambiente e Territorio de data 18 de marzo de 2013.

Visto o informe emitido polo catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña don Francisco Javier Sanz Larruga.

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de setembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 24 de setembro de 2013.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que no pleno que tivo lugar o 25 de abril pasado, no que se trouxo este mesmo punto na orde do día, o seu grupo votou abstención. A dita abstención viña fundamentada polo feito de que os informes que avalaban a proposta do equipo de goberno, en concreto, o informe da Secretaría-Intervención era un informe desfavorable. Tamén había un informe favorable, pero na súa opinión bastante exíguo e con bastante pouca xustificación, de técnicos da Xunta.

Di que entendían que un tema desta envergadura era necesario fundamentalo cuns informes absolutamente completos, que nun momento determinado puideran avalar, dende criterios de seguridade xurídica, a posta en marcha deste novo servizo. Polo tanto, o goberno municipal ao rectificar, acertou.

Cren que o informe que se puxo á súa consideración nos últimos tempos, o informe da Universidade da Coruña que avala a creación do servizo e a integración do concello dentro do capital público da denominada empresa mercantil Edar Bens, S.A., resulta máis claro e, evidentemente, entenden tamén que redundará nun beneficio aos veciños, tendo en conta a obriga que un concello das dimensións do de Cambre ten de depurar e tratar as augas residuais.

Nese sentido, cambian o seu voto, porque cren que a fundamentación agora está máis clara, e ante dous informes contraditorios correspóndelles a eles resolver e tomar unha posición, pero unha posición, como dixó, fundamentada en informes como os que se teñen posto a súa disposición.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser a prol, porque entenden, como xa dixó e reitera, que vai redundar no cumprimento dunhas obrigas que o concello ten en canto a depurar as augas residuais, e tamén vai ser, na súa opinión, a solución máis axeitada e máis económica para os veciños do Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que do que se trata o tema da Edar de Bens é de que todos os concellos limítrofes (Culleredo, Cambre, Arteixo, Oleiros e A Coruña) van ter un punto centralizado para os seus vertidos. Trátase de centralizar todo aquilo que vai, por exemplo, do Espírito Santo ao Graxal, do Graxal a Perillo e de Perillo irá a Bens, mediante uns bombeos, onde se depurará. Di que ata aí están completamente de acordo.

Continúa dicindo que a obra da Edar de Bens realizouse pola Confederación Hidrográfica do Norte, ou sexa, polo Goberno Central. En canto a quen vai xestionar e manter esa infraestrutura, a quen lle corresponde, ese era un pouco o debate que se tiña ata agora.

Explica que no ano 1999 a Xunta de Galicia creou Augas de Galicia precisamente para xestionar ese tipo de infraestruturas. No 2011 terminouse a obra da Edar de Bens e mediante un convenio o Estado deulle a súa xestión ao Concello da Coruña. El se pregunta por que non lla deu a Augas de Galicia, e por que llela deu a Emalcsa, unha empresa pública da Coruña.

Logo Emalcsa non foi capaz de xestionar, baixo o seu criterio, ese tipo de infraestrutura, porque non lle pode cobrar ao resto de concellos, xa que é unha empresa municipal única e exclusivamente da Coruña. Eles incluso cren que ao Concello da Coruña non lle interesaba abrir Emalcsa ao resto dos concellos porque é como a galiña dos ovos de ouro da Coruña, polo tanto decidiron crear unha empresa paralela supramunicipal que se chama Edar Bens.

Segue a dicir que eles o que se preguntan é para que serve Augas de Galicia se non é para isto, ou para que serve o Consorcio, porque cren que non se contou co Consorcio á hora de levar a cabo este tipo de xestións. Parécelles que é montar outro “chiringuito” que iniciou o Sr. Losada e continuou o Sr. Negreira, e xa verán como se xestiona ao final, porque non ven nada claro no convenio que se quere asinar, por exemplo, canto vai cobrar o consello de administración.

Di que os veciños de Cambre teñen que saber que a gran maioría, a decisión, polo tanto, vai ser única e exclusivamente do Concello da Coruña, porque o Concello de Cambre ten un 7% da empresa, polo tanto, o poder de decisión vai ser nulo, totalmente nulo.

Conclúe dicindo que eles tiñan moitas dúbidas, por iso lle teñen preguntado ao Sr. alcalde e seguen a preguntarlle canto lles vai custar aos veciños de Cambre estar na

Edar Bens. Gustaríalles que o Sr. alcalde lles contestase.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que para o seu grupo, tanto o informe xurídico da Universidade da Coruña, feito por un catedrático, como a propia asesoría xurídica da Xunta de Galicia, fan unha análise ampla e xustificada das competencias que teñen os entes locais en materia de tratamento e transporte de residuos urbanos, e da propia forma directa de depurar na sociedade mercantil Edar Bens.

O seu grupo, tendo en conta eses informes e tamén tendo en conta o informe feito pola Secretaría e Intervención municipais, porque por iso o pleno pasado o seu grupo se abstivo, porque teñen moi en conta os informes dos técnicos municipais, nesta ocasión, por responsabilidade institucional, vai votar a prol da proposta.

Conclúe dicindo que, de calquera xeito, o tempo daralles ou quitaralles a razón da decisión tomada, e verán se a veciñanza de Cambre sae ou non beneficiada.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que dende o seu grupo manteñen un proceso crítico con todo o que ten que ver coa creación da empresa Edar Bens, e o manteñen dende unha postura nacionalista de esquerdas e tamén o manteñen, sobre todo, como veciños de Cambre, porque entenden que vai máis aló dunha cuestión xurídica ou técnica, que debe ser un pouco debate de especialistas, como así o foi.

Eles nese sentido non lle ven maior problema nin ao informe da secretaria do que eles dalgunha maneira toman máis parte, nin ao informe da asesoría xurídica da Xunta, nin ao informe do catedrático universitario, aínda que tampouco o acaban de entender como terriblemente necesario, porque di que eles entenden que o que hai aquí tamén é unha cuestión de debate político.

Dende o BNG avogan porque o Concello de Cambre ten que aproveitar esta oportunidade para poñer enriba da mesa un debate sobre o ciclo completo da auga, porque non entenden que os inviten a participar da Edar de Bens os mesmos que curiosamente non os invitan a participar de Emalcsa. En parte é o que dixo na súa intervención o voceiro de UxC, porque é a galiña dos ovos de ouro.

El pode entender que para o Concello de Oleiros, ou para o Concello de Culleredo, ou incluso para o Concello de Arteixo, o máis cómodo sexa tragar con isto, tirar para adiante e esquecerse do tema, coa perspectiva de que, como se apuntou aquí, o tempo dará e quitará razóns, pero Cambre ten uns condicionantes particulares.

Di que o Concello da Coruña practica unha sorte de colonialismo municipal aproveitándose dunha concesión e dunha obra do período franquista, o encoro de Cecebre, que non reporta absolutamente nada ao Concello de Cambre, e fai negocio a súa costa, faino ademais utilizando un treito do río ata a captación de augas na Telva, que imposibilita o seu uso ao cento por cento polos veciños de Cambre, sen que iso repercuta en nada para o ben dos veciños de Cambre.

Continúa dicindo que eles o que reclaman é que o Concello de Cambre neste momento tiña que ter a determinación política, tiña que ter a valentía e a coraxe de enfrontarse a parte dos seus correligionarios no PP na Coruña, ou en Santiago, en Augas de Galicia, onde sexa, e poñer enriba da mesa o debate sobre que o Concello de Cambre ten que participar de Emalcsa, que é, ao fin e ao cabo, onde se moven os cartos.

A ninguén se lle escapa, e hai experiencias noutros sitios que teñen depuradoras en funcionamento antes que aquí, que moitas veces esas macrodepuradoras, canto máis grandes, máis risco hai de que a súa xestión económica sexa deficitaria, dea problemas, haxa inconvenientes no seu mantemento, etc.

Di que por iso, en certa maneira, os convidan a participar na empresa Edar Bens, pero curiosamente seguen a vetarlles a entrada en Emalcsa, onde si participa, por exemplo, o Concello de Carral, porque hai 110 anos, cando se fixo Emalcsa, como a traída inicial da auga que ía para Coruña era do salto de Cañás, da presa de Cañás, tiveron a sensibilidade de dicir que dende A Coruña ían crear unha empresa para dar abastecemento a Coruña, pero que como o encoro estaba en Carral, Carral tiña que ter un membro no consello de administración da empresa. Hoxe, cento e pico anos despois, no caso de Cecebre seguen total e absolutamente *in albis*, como auténticos marxinados. Iso si, supón que as autoridades municipais da Coruña e as autoridades da Xunta vanlle pasar ao goberno municipal a man por riba do lombo e diranlle que está facendo moi ben, pero aquí, ao seu modo de ver, non se están defendendo os intereses de Cambre.

Finalmente, tamén o que xa dixeron outros compañeiros, o poder de decisión de estar nese consello de administración é nulo, porque non se habilita unha cláusula, por exemplo do 49%, é dicir, que ninguén teña maioría, co fin de obrigar á institución máis representativa a ter que pactar polo menos cunha das outras partes.

Polo tanto, conclúe dicindo que o seu voto é negativo e é un voto que se fundamenta en motivos políticos. Non cren que este sexa un tema de debate técnico e, polo tanto, poderán estar ou non de acordo cos informes dos que xa faláron de maneira substancial e ampla en plenos pasados. É por iso que eles, demandando que debe existir maior peso para Cambre, van votar en contra da incorporación do concello a esa sociedade.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el xa dixo no pleno do día 25 de abril que entendía que entrar nesa sociedade ía ser beneficioso para o concello e para os veciños de Cambre, por iso votou a prol, e por iso volve ratificar o voto favorable á adhesión.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el cre que a decisión que van tomar ao aprobar a integración na Edar Bens, S.A., é unha das mellores decisións que poden tomar para todos os veciños de Cambre, porque todos os veciños de Cambre están vertendo xa na depuradora de Bens.

Explica que o acordo que se vai tomar aquí é formar parte desa sociedade, outra cousa é o tema de formar parte do consello de administración, e con isto contéstalle

ao Sr. García Patiño, non hai por que, pero si que poden estar presentes e polo menos son socios da depuradora de Bens. En canto ao soldo que van cobrar eses señores, non está fixado, nin tampouco está fixado, hai un cálculo aproximado, o custo por metro cúbico, pero íanlles cobrar igual, foran ou non foran socios.

El cre que é unha decisión boa para todos os veciños de Cambre, porque incluso, e iso xa o decidirá a xunta directiva, haberá moitas infraestruturas que vai facer esa nova sociedade, xa que é obriga de todos os concellos prestar o servizo de augas residuais a todos os veciños de todos os municipios que van formar parte da Edar Bens, S.A. Iso ten que ser unha realidade, e aquí o que están decidindo é se forman parte ou non desa sociedade. Oleiros, Culleredo, Arteixo e A Coruña xa forman parte dela e están agardando que Cambre decida formar parte, si ou non.

Di que poden quedarse fóra, pero se non forman parte desa sociedade entón, dende logo, non vai facer ningunha infraestrutura para Cambre, e iso é así de claro, e vanlles cobrar exactamente igual, ou quizais máis do que lle van cobrar aos concellos que estean formando parte da sociedade.

El non vai discutir se está ben feito o trasvasamento por parte do Estado ao Concello da Coruña, a Augas de Galicia, ou a quen sexa, el iso non o vai discutir, porque non lle corresponde a el discutilo. A el invitárono a formar parte dunha infraestrutura de 131 millóns de euros na que se están vertendo as augas residuais dende hai xa bastante tempo, e como alcalde el ten que propoñerlle á Corporación se quere formar parte, no nome de todos os veciños de Cambre, desa sociedade, si ou non. Esa é a realidade e non hai outra.

Contestándolle ao Sr. Carballada, dille que aquí estase a discutir formar parte dunha nova sociedade. El sabe que sería moi bo para Cambre formar parte de Emalcsa, pero todo se andará. Dille que o BNG estivo no goberno municipal e que el saiba nos cinco ou oito anos que botaron aquí iso tampouco o fixeron. El xa lle di que está dando os pasos para que iso sexa unha realidade, para formar do que o Sr. Carballada dixo, do circuíto integral de auga, que é algo que lle parece moi ben.

Conclúe dicindo que é certo que Carral forma parte de Emalcsa, pero o mesmo Sr. Carballada o dixo, forma parte de Emalcsa porque houbo unhas decisións que tomaron no Concello de Carral e non se tomaron no seu momento no Concello de Cambre, pero agora el vai intentar remedialo, e vai facelo por todos os medios, por iso quere darlle as grazas a toda a Corporación que hoxe vota que si a esta proposta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño di que el desexa de verdade, de corazón, que o Sr. alcalde teña razón e que esta decisión que están tomando sexa beneficiosa para todos os veciños de Cambre. Di que oxalá sexa así, pero eles non cren en futuribles políticos, como eses que está dicindo de que esa empresa vai facer infraestruturas en Cambre e que se van meter nunha sociedade de máis de 130 millóns de euros. A el o que lle preocupa cando se mete nunha sociedade é saber de onde vén esa sociedade e saber se está ben creada esa sociedade, iso é algo que lle preocupa.

Por outra parte, como representante dos veciños de Cambre dende logo que lle preocupa canto lle vai custar isto aos veciños de Cambre, é o primeiro punto que lle importa, canto lles vai custar ou canto van aforrar os veciños de Cambre polo feito de estar ou non estar na sociedade Edar Bens, porque van ter o dereito a verter exactamente igual, é o seu dereito.

En canto ás infraestruturas que vai facer esa sociedade, xa o verán. Os políticos dicíanlles que ían facer a vía Ártabra en Cambre, e acaban de anulala, por iso el non se cre absolutamente nada dos futuribles políticos.

Respecto das taxas, as taxas non están aprobadas, non está aprobada unha taxa supramunicipal por Deputación, polo tanto non saben o que lles vai custar. Hai unha estimación que o Sr. alcalde lles comunicou por escrito, de 0,28 euros por metro cúbico, pero A Coruña ten aprobada unha taxa dende o 1 de xaneiro do 2013 de 0,28 euros/m³, pola contra Oleiros o 26 de febreiro do 2013 aprobou unha taxa que está en vigor de 0,21 euros/m³, e son concellos que van estar na mesma sociedade. Culleredo non ten taxa aprobada. A Xunta de Galicia ten unha taxa aprobada e en vigor que vai en función do consumo, canto maior sexa o consumo maior vai ser a taxa, e non pagan aqueles que consuman o mínimo, porque do que se trata é de aforrar no tema da auga. Entenden que esa é a postura máis xusta das que viron ata agora.

Sinala que non saben por que a Edar Bens non lles di cal é o patrón que vai seguir, de momento non llelo din, e hai que meterse nunha sociedade onde non saben o que lles van cobrar aos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que dende logo eles non poden aprobar que se entre nunha sociedade cando non saben exactamente o que lle vai custar aos veciños e ás veciñas de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que vai contestar ao que di o Sr. García Patiño, que lle sorprende. Os catro concellos, excluído Cambre, xa teñen aprobado polas súas corporacións locais, pertencer a esa sociedade. O único concello que non o ten aprobado é Cambre e, se Deus quere, aprobarase hoxe. Unha vez aprobado é cando se constituirá esa sociedade, porque esa sociedade que se vai chamar Edar Bens, está pendente de formar, e o voceiro de UxC quere poñer o carro antes que os bois.

O Sr. García Patiño falou na súa intervención do Concello de Oleiros, e ese concello ten a taxa que xa tiña, e non é como consecuencia de formar parte ou verter xa en Bens. A taxa terá que decidila a xunta xeral cando estea constituída a sociedade, con todos os concellos, non antes. Di que iso é o que el dixo dende o principio. En canto a Culleredo, está esperando a aprobar a taxa, precisamente está agardando a que a xunta xeral da Edar decida, por exemplo, que a taxa vai ser 0,23 euros/m³.

Engade que naturalmente que pagarán máis os que máis vertan, é o normal, cantos máis metros cúbicos máis euros, está claro, e conclúe dicindo que o que están aprobando agora é constituír esa sociedade cos cinco concellos que forman a área metropolitana. O Sr. García Patiño faláballe antes de por que non se lle propuxera ao Consorcio, e dille que propoñerllo a Bergondo, que non verte na Edar de Bens, ou a Betanzos, que tampouco o fai, é ilóxico.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño sinala que xa sabe que eses concellos non verten aí, pero están dentro dun Consorcio, e aquí estase tratando de montar outro “chiringuito” máis, a iso é ao que se refire el. Di que no Consorcio si que teñen un poder de decisión á hora de ver como se están facendo as cousas na área metropolitana, a iso é ao que se está referindo, non se está referindo a outra cousa, e, dende logo, si que se pode dar unha aproximación, ou dicir que camiño van tomar á hora de cobrarlle á veciñanza de Cambre e do resto dos municipios.

Conclúe dicindo que agarda sinceramente que todo isto saia ben para os veciños de Cambre, pero esas cifras quedan rexistradas: 0,21 Oleiros e 0,28 A Coruña. Di que xa verán canto van pagar dentro de pouco, dende logo el, co voto de UxC, non se vai arriscar a ter que pagar máis cando non deixan meridianamente claro que é o que queren facer, porque o Sr. alcalde o que di é que se vai constituír a sociedade e aí se vai decidir. El lémbrale que o que vai decidir é o 67%, que é o Concello da Coruña.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el cre que na contestación que lle deu por escrito, como o voceiro de UxC dixo, cre que poñía un máximo de 0,28 euros/m³, é dicir, un máximo de 0,28, polo que poden ser 0,21, 0,23, 0,20 ou 0,18, xa o verán, pero o primeiro que teñen que facer é tomar a decisión de formar parte desa sociedade.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e votan en contra os tres concelleiros de UxC e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Crear o servizo público municipal de transporte e depuración de augas residuais ao que están adscritos, a día de hoxe, as seguintes instalacións municipais:

A) Estacións de bombeo de augas residuais:

- Temple
- Telva
- Ponte Cela (antiga)
- Cela (nova)
- Piñeiro Brexo
- Canal Peiraio
- Galiñeiros
- Sobreguexe
- Aían Sigrás
- Anceis
- Seoane Anceis
- San Lourenzo
- A Fraguíña
- Bribes

B) Caudalímetros de augas residuais:

- Temple
- Paxariñas Gaitero
- Aián Sigrás
- Altamira
- Pontido (Cornedo)
- A Xira

Segundo: Establecer que a xestión do servizo de transporte e depuración de augas residuais se levará a cabo de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A. como medio propio e servizo técnico do Concello de Cambre de cuxo accionariado formará parte este concello mediante a adquisición dunha porcentaxe do capital social da sociedade. Este acordo queda condicionado a que se modifiquen os estatutos de EDAR BENS S.A., recoñecéndose neles a condición de medio propio e servizo técnico deste concello e recollendo o tipo de encomendas que se lle poden encargar á empresa e en que condicións.

Terceiro: Adquirir da sociedade EDAR BENS, S.A. 70 accións, de 60 euros de valor nominal que ascende a un importe total de 4.200 euros, e que é equivalente ao 7% do capital social.

Cuarto: Correspóndelle ao alcalde, no exercicio das competencias que lle atribúen o artigo 21.1 r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1 e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, respecto da execución e cumprimento dos acordos municipais, asinar cantos documentos sexan precisos para a execución deste acordo.

2.4. Proposta de desafectación e afectación simultánea da vivenda do conserxe do CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 20 de xuño de 2013.

Visto que na sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 27 de xuño de 2013 quedou enriba da mesa o asunto relativo á desafectación e afectación simultánea da vivenda do conserxe do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Vista a nova documentación obrante no expediente de referencia que se relaciona a continuación:

- Escrito rexistrado ao núm. 9200 o 4 de xullo de 2013, procedente da Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que consta do seguinte teor literal:

“Co fin de atender as necesidades educativas e de escolarización dese concello, solicítase a desafectación da vivenda do conserxe do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, do Concello de Cambre para usos educativos; concretamente para 2 aulas de Educación Primaria.”

- Informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 17 de xullo de 2013, respecto da existencia ou non de dereitos adquiridos polo conserxe do colexio público Wenceslao Fernández Flórez sobre a casa-habitación da que disfruta e sobre unha posible indemnización sobre o particular.

- Informe da Intervención municipal, de data 9 de agosto de 2013, respecto da análise da procedencia do dereito de abono dunha indemnización ao funcionario ocupante da vivenda.

Vista a nova proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 20 de setembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de setembro de 2013.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que este é un punto, igual que o anterior, no que o goberno municipal cando rectifica, ou cando se lle fai rectificar no pleno, é cando acerta.

Cando se trouxo por primeira vez o asunto, existindo como existía un conflito entre un interese xeral, a desafectación dunha vivenda, e un interese particular, o interese dun traballador do concello que habita nela, non se tiña buscado calquera tipo de solución co traballador para de común acordo eliminar esa prestación de vivenda.

Di que entendían gran parte dos grupos que era necesario ese diálogo co traballador co fin de buscar unha solución, tendo en conta ademais que ía prescindir dun dereito que tiña asegurado e viña disfrutando despois de moitos anos.

A desafectación non se puido levar a cabo nese momento, e todos os grupos da oposición, hai que dicilo así, e evidentemente tamén coa intervención e colaboración do goberno, puxéronse a traballar conxuntamente para buscarlle unha solución a este asunto.

Continúa dicindo que o seu grupo entendía, como dixeron xa na primeira ocasión, que antes de nada estaba o interese xeral, toda vez que segundo parece o compromiso é que para o vindeiro curso esa vivenda sexa ocupada por dúas aulas de educación primaria no colexio Wenceslao.

Polo traballo realizado por todos os grupos, de diálogo, de colaboración, escoitando a ambas partes, teñen chegado a un acordo que se plasma entre o traballador e o concello, e que na súa opinión elimina calquera tipo de obstáculo para que esa desafectación poida levarse hoxe a cabo.

Cre que cando se colabora, cando se dialoga, cando se buscan fórmulas de intercambio de opinións e se buscan solucións colectivas, é cando se acerta, e esta é unha desas ocasións.

Pide que sigan por aí e, dende logo, que non se traian a pleno temas que non contan co beneplácito da maioría da Corporación. Este foi un deles, e como dixo antes,

rectificando o goberno cre que acertaron todos, porque así dan unha solución tanto aos intereses particulares dun traballador do concello, como aos intereses colectivos da comunidade educativa do municipio.

Conclúe dicindo que, polo tanto, o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén anima ao goberno a que siga nesta liña de esgotar todas as posibilidades de negociación antes de traer as cousas ao pleno. Di que falando coa xente, cos veciños, coa oposición, normalmente chégase a acordos, e non deben esquecerse quen os puxo aquí, que foron os veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que, vendo que todas as partes están de acordo, o voto do seu grupo tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle corresponde lembrar a esta Corporación e á xente que está hoxe aquí no pleno, que o motivo de que isto se demorara e se chegara a un acordo satisfactorio para as partes, foi a proposta que fixo o grupo de EU, que no pleno no que se ía aprobar a desafectación da vivenda, propuxo que quedara enriba da mesa, que se xuntaran as partes e que empezaran a negociar. Como resultado desas negociacións saíu un acordo que parece ser é satisfactorio para todos.

En todo caso, el cre que se o grupo de EU estivera gobernando, as negociacións serían distintas, e ao mellor teríase máis en conta a unha persoa que está vivindo nunha casa que vai sufrir unha desafectación, por iso di que o seu grupo non vai votar a prol, tampouco vai votar en contra, porque recoñecen o diálogo que houbo entre as partes, si que o recoñecen, e por iso o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu voto vai ser positivo. Entenden que esta non é, pero si pode ser, unha historia con final feliz, entendendo esta expresión como frase feita, no sentido de ver se consiguen, como apuntou o PSOE, que canto antes esas instalacións pasen a formar parte e a ter un uso educativo a todos os niveis, que sexan postas en funcionamento canto antes.

Logo eles tamén fan incidencia, e queren que así conste reflectido, en que o proceso de asignarlle unha nova praza a ese traballador do Concello de Cambre culmine con éxito. Son conscientes, porque así llelo trasladou o goberno municipal, de que pode haber algún tipo de dificultade á hora de asignarlle un posto adecuado, de modo que poida cumprir a súa función cos veciños de Cambre, pero tamén estar cómodo, que eles entenden que tamén se trata loxicamente diso, é iso é unha parte importante.

O seu voto vai ser positivo, pero dilles que non poden tampouco pasar por alto a reflexión de que os políticos e as institucións están, e cando queren estar, están, para solucionar problemas e non para crealos, e hoxe aquí neste pleno teñen a uns veciños que diso saben bastante.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser favorable, como xa dixo o pasado martes na comisión. El cre que a conclusión que deben sacar disto é que con diálogo entre todos os grupos que forman parte da Corporación sácanse as cousas adiante, trabállase en beneficio do pobo e, unha vez solucionado o problema que había con ese traballador, pouco máis queda que dicir que oxalá que a Xunta cumpra coa súa promesa e entregue as obras en prazo para que a comunidade educativa de Cambre poida desfrutar desa vivenda para aulas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que simplemente quere agradecer o apoio a esta proposta, que é algo que xa tiñan formulado no seu día, e era unha reclamación de toda a comunidade educativa. Eles pensan que van mellorar os servizos, especialmente para os nenos do Wenceslao Fernández Flórez.

Así mesmo, el sinceramente cre que é xusto, e que así conste en acta porque a acta perdurará bastante máis tempo do que estarán eles aquí, recoñecerlle aos representantes sindicais o seu papel nesta cuestión.

El sabe que moitas veces aventúranse a intentar arrogarse méritos nunha cuestión, pero el o que lles pode asegurar a todos, e cre que é xusto dicirillo, é que este tema non se tería desbloqueado nunca se non tivera sido pola intermediación e colaboración desinteresada dos representantes sindicais, que teñen sido fundamentais para atopar unha solución. Gran parte, se non todo o mérito, el cre que é xusto outorgállelo aos sindicatos e non a eles mesmos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 8 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, acordou:

Primeiro: Levar a cabo a desafectación de destino do local ata o de agora destinado a vivenda de conserxe, sito na rúa Wenceslao Fernández Flórez núm. 14, Cambre 15660, dentro do recinto do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, con referencia catastral 3136801NH5933N0001QX, e simultánea afectación para usos educativos, concretamente para dúas aulas de Educación Primaria.

Segundo: Someter o expediente a información pública por prazo dun mes no taboleiro de anuncios do concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, para que poidan formularse as alegacións que se estimen convenientes.

Terceiro: De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerárase aprobada definitivamente a desafectación e simultánea afectación da citada vivenda.

Cuarto: Remitir o acordo definitivo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Quinto: Remitir o acordo definitivo ao Rexistro da Propiedade co fin de que se tome razón del mediante nota marxinal e inscribilo no Inventario de Bens da Corporación, que se está a elaborar, coa cualificación de ben demanial destinado ao servizo público de educación.

Sexto: Remitir o acordo á Dirección Xeral do Catastro.

2.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado da área de Obras e Servizos. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos respecto da alternativa á supresión do paso a nivel do pk 535/172 (Ponte Cela)

Vista a moción do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos, do día 19 de setembro de 2013, que consta do seguinte teor literal:

“En relación coa solicitude por parte do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), no que solicita co número de saída 228 do día 22 de marzo de 2013 e reiteración vía e-mail o día 10 de setembro de 2013, polo que se solicita que este concello remita o acordo que adopte a Corporación municipal, respecto dunha alternativa á supresión do paso a nivel do pk 535/172 (Ponte Cela) da liña Palencia-A Coruña, termo municipal de Cambre (A Coruña), e visto o informe do enxeñeiro de camiños municipal do día 18 de setembro de 2013, proponse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a alternativa á supresión do paso a nivel do pk 535/172 (Ponte Cela) da liña Palencia-A Coruña, termo municipal de Cambre (A Coruña), executando unha beirarrúa ou senda peonil por unha das marxes da estrada da Deputación da Coruña DP-1704, no treito que discorre entre os camiños municipais 00084 e 00085.

Segundo: Que se dea traslado deste acordo ao xefe do Convenio Galicia do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), para que realice un modificado ao proxecto no que se contemplan ademais das obras proxectadas para a supresión dos pasos a nivel do pk 533/734 (Canal) e do pk 535/840 (Socampo), os cales se substitúen por uns pasos a distinto nivel subterráneos, a alternativa de paso á supresión do paso a nivel do pk 535/172 (Ponte Cela).”

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos, explica que esta proposta en principio levouna á xunta de goberno local. Trátase de aprobar a supresión do paso a nivel de Cela e a construción dunha senda peonil entre o camiño da Ponte de Cela que vai ao Canal, máis o que vai á igrexa de Cela pola parte de enriba da vía. En Deputación está aprobada a súa parte e logo mantiveron unhas conversacións cos responsables de ADIF para chegar ao acordo de facer esa senda peonil, que será na parte esquerda baixando de Cambre cara a Brexo-Lema, á parte esquerda.

Di que a Sra. secretaria entendeu que era un tema de pleno e por iso vén así, e diso é do que se trata, simplemente aceptar e aprobar a construción dunha senda por parte de ADIF, pola outra marxe, cara á Lema, vaina facer a Deputación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclarar que esta moción non é unha moción de pleno, podería tomar a resolución a Alcaldía, pero como no seu día o tema da eliminación do paso a nivel se fixo por acordo plenario, decidiron traer tamén a construción da senda peonil a pleno para que quede ratificada. Reitera que el como alcalde podería ter tomado a decisión, pero tróuxose a pleno polo que dixo, e por iso se lles remitiu a todos eles.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que así queda aclarado o motivo de por que vén como unha moción e non doutra maneira, porque eles entendían que podía vir como unha proposta do concelleiro delegado a este pleno. Di que ao seu grupo, sobre todo pola distinta información que se lles remitiu sobre a reunión de responsables de ADIF con responsables deste concello e da deputación, que tivo lugar no mes de febreiro deste ano, parécelle bastante peregrina a explicación que se lles dá aquí.

Di que os informes do enxeñeiro de camiños do concello, efectivamente fan unha serie de percepcións que lles inflúen a moitos veciños de Cambre, pero no referente en concreto á reunión que teñen o concelleiro responsable de Obras e Servizos, Sr. Marante, o enxeñeiro do concello, dous técnicos da deputación, o director de obra de ADIF e un técnico especialista de ADIF, que tivo lugar como dixo o 13 de febreiro de 2013, pensan que esa acta púidoselle ter pasado ao resto dos grupos da oposición con anterioridade, se é que se ten que aprobar nun pleno, ou polo menos para dar información.

Continúa dicindo que a eles cáusalles moitas dúbidas isto que se pretende aprobar agora, e desagregan esas dúbidas en dúas partes. Están totalmente de acordo coas beirarrúas que se van facer dende Cela a Lema, e loxicamente entenden que vaian pola marxe esquerda, niso non teñen ningún inconveniente, pola contra, o apoian.

Por outra parte, o que se describe na proposta da alternativa peonil para o paso do pk 532/172 consiste en facer unha senda peonil entre a parte de arriba da vía, ou sexa o vial que vai cando se entra na estrada cara á igrexa de Cela, e a parte de abaixo, onde está o río, e na documentación descríbese como se pretende facer a senda peonil.

El, como sabe que o Sr. Marante xa coñece de sobra todos os viais, ou practicamente todos os viais do concello, preguntalle se realmente pensa que iso é factible de facer

tecnicamente, porque el ten dúbidas, en concreto pola parte de abaixo do río, co ancho que ten ese vial, e aí preténdese facer unha senda peonil. A parte todos coñecen o lugar onde se foi o río, que se fixo un dique, aí como moito non chega aos cinco metros de ancho agora mesmo, entón, se se fai unha senda peonil, e estando como están as casas pegadas ao propio vial, dubida moito que se poida facer. E na parte que baixa, na estrada que discorre de Cela cara a Lema nesa dirección, non sabe se tamén o visitaron, pero alí hai polo menos unha ou dúas vivendas a carón totalmente da estrada, co cal di que entenden que isto é pouco factible.

Continúa dicindo que hai outro punto desa reunión con ADIF que tamén lles causa bastante preocupación, xa que un dos puntos que acordan é que o Concello de Cambre se compromete a conseguir as cesións dos terreos necesarios para a execución do treito de beirarrúa necesario, así como a aprobar a solución proposta por ADIF para a supresión do paso a nivel.

Di que comprometerse a conseguir as cesións antes e traer isto aquí a pleno, parécelle que é, como dixo antes o Sr. alcalde, poñer o carro antes dos bois, parécelle que están nunha mesma tesitura. Pensa que isto non se sostén, e o grupo socialista en principio vai estar en contra deste tema mentres non estea máis clara a documentación que se lles presenta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles teñen as mesmas dúbidas que o compañeiro socialista en canto ás sendas peonís que se poidan facer co fin de garantir a seguridade viaria dos veciños, e cren que é inviable. Cren que ADIF, unha vez máis, toma ao Concello de Cambre e aos veciños de Cambre como unha carallada, e en vez de facer un proxecto adaptado que é o que se merecen os veciños de Cambre, fan outra pequena chapuza respecto disto.

Non sabe se o concelleiro delegado e o propio alcalde van garantir a seguridade viaria nesa zona, se é así eles votarán a prol, senón vanse abster, pero ten que ser o equipo de goberno o que garante que con esa obra que están suxerindo van ter a garantía absoluta con respecto a poder pasear, poder andar por alí con seguridade total.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que cre que hai varias cuestións que deben ser clarificadas nesta moción, porque o Sr. Marante diralle se está no certo, pero el o que entende da exposición é que, segundo o primeiro acordo, vaise executar un treito de beirarrúa entre os camiños 00084 e 00085, e eses camiños son, un o que vai a Cela, á igrexa, e outro o que está cego na Ponte, entende que é o treito da estrada da deputación. El entende iso, e para nada se fala do camiño que vai nas inmediacións do río Mero, ou sexa, estase falando dun treito exclusivamente da estrada que vai dende a ponte da vía, ata Cela.

Continúa dicindo que o seu grupo, xa no pleno de outubro de 2011, dixéronlle ao Sr. Marante que iso quedaba totalmente coxo, porque preguntan onde está a seguridade viaria do camiño que vai para Cela, pregunta que pasa, se é que os veciños de Cela teñen que vir arriscando as súas vidas por un treito sen beirarrúas.

El cre que a ADIF ou a quen sexa no concello, e por iso di que esta moción está un pouco coxa, correspóndelle dotar a ese lugar de beirarrúas, e agora si que poden

aproveitar, porque cando se fixo ese camiño foi Renfe quen o fixo, polo que agora debe corresponderlle a ADIF dotar ese treito de aproximadamente 200 metros de beirarrúas, para que sexa complementario co que vai da ponte da vía ata o río.

Pide ao Sr. concelleiro de Obras que lle corrixa se non é soamente o treito que el cre o que se pretende executar. Naquel pleno o Sr. Marante comentoulle que se non facía a deputación o treito do que está falando, cara a Cela, que o propio concello o faría, iso consta na acta do pleno, onde di expresamente: “*Don Manuel Marante Gómez reitera que están pendentes das negociacións, se a Deputación non o fai, o concello terá que facer as dúas.*”. Estábase referindo ás beirarrúas que van dende a ponte do ferrocarril ata a ponte do río, máis a que vai a Cela.

Continúa expoñendo que el considera que á moción presentada habería que engadirlle este punto, que se comprometan a facer as beirarrúas que van cara a Cela, senón os veciños van ter que seguir pasando por unha zona de máximo perigo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que xa foron moitas as cuestións que se dixeron e, loxicamente, demandan unha resposta por parte do goberno municipal, non sen antes agradecerlles que non tendo a obriga de traer este asunto a pleno, si tiveran esa deferencia para coa Corporación, e ao fin e ao cabo cos veciños de Cambre.

Di que eles piden que se aclaren eses aspectos técnicos do proxecto que se veñen enumerando. O seu voto vai ser favorable á moción, eles non teñen ningún problema, porque nestes momentos mellor é levar adiante isto que non levalo, o que si lles animan é a que se consensúe coas propostas que se están facendo dende a oposición, e saber se teñen avanzado, se teñen sondado, se teñen feito algún tipo de xestión respecto da cesión de terreos por parte de particulares, para saber un pouco de inicio se é verosímil levar adiante este proxecto, se teñen falado cos veciños.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el vai apoiar a proposta. Cre que todo é mellorable, pero é algo beneficioso para todos os veciños, e é unha proposta que vén ao abeiro duns informes técnicos do enxeñeiro de camiños municipal e da deputación, por iso a el non lle cabe a menor dúbida de que se vai efectuar para ben.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez explica que o treito de senda que se vai facer é entre un camiño e o outro, na estrada da deputación, soamente ese treito, entre os camiños 00084 e 00085.

Cando estiveron alí os técnicos da deputación, cos técnicos municipais, ADIF, etc., el estivo a meterlles presión para que fixeran unha pasarela elevada por riba da vía, por onde está o paso a nivel, pero non houbo forma de chegar a un acordo con ese tema, o que estaban dispostos a facer é esa senda na estrada provincial. Efectivamente á marxe esquerda o sitio que hai coas casas, sobre todo ao principio, na Ponte de Cela, o sitio é escaso, pero de non ter nada, polo menos poden ter algo. A deputación o que vai facer é a senda pola outra marxe.

En canto ás negociacións explica que iso eran conversacións que houbo e non había nada aprobado en ningún lado, eran propostas de cousas que se ían facer, ADIF no seu ámbito, a deputación no seu, etc., unha vez que se chegou a acordo para facela, o que lles pediron é que dende o concello se comprometeran a falar cos veciños para as cesións do terreo.

Di que unha vez aprobado isto, el vai ir falar cos veciños. Explica que, de feito cos veciños do outro lado, onde a deputación xa adxudicou a obra e van comezar en breve, tamén ten que falar, para chegar a acordos e ver como fan alí, precisamente na Ponte, porque tamén polo outro lado hai problemas cunhas casas que están metidas abaixo, de feito xa faláron cunha señora nesa casa, pero hai que chegar a acordos. Tamén quedou o luns cuns veciños da zona para falar con eles e in situ tratar de chegar a un acordo, ver as cesións que poden acadar.

Conclúe dicindo que, en todo caso, o fundamental era saber se o van facer ou non, porque se ao final non se fixera non ten sentido ir falar cos veciños e contarlles películas. Unha vez decidido por ADIF que van facer esa obra, entón pediralle permiso aos veciños, para tratar de conseguir o terreo necesario no sitio no que se poida, porque onde están as edificacións dende logo vai ser moi estreito o tema. Explica que incluso se comentou a posibilidade de estreitar os carrís para darlle un pouco máis de ancho ás sendas, pero os técnicos da deputación dixeron que os carrís xa estaban bastante axustados como para estreitalos máis. Di que hai o que hai, e o que van intentar é aproveitar o mellor que poidan o terreo para poder dar o servizo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el fixo a proposta de que se volvan retomar as negociacións que se tiveron con Adif, e que se lle propoña que se comprometa a facerse cargo da senda peonil que queda dende a estrada da Deputación ata o paso a nivel, que é un treito aproximadamente de 180 ou 200 metros, cre que con moi pouco custo.

Di que así evitarían ese noiro que de vez en cando se derruba e cae á estrada. O que propón é que a esta moción, na que lle parecía que faltaba algo, que estaba un pouco coxa, se lle engada ese treito, cre que están en boa disposición de poder falar con Adif, de negociar. Sería o mellor que poderían facer, sobre todo tendo en conta a integridade física dos veciños.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que iso xa se falou no seu momento, el intentou que Adif o fixera, pero foi que non e que non. Por poder, poden engadirlo e intentar que o fagan, pero foi algo que faláron alí e a postura de Adif era que non. Falouse do paso elevado e de facer a "u", coa senda, pero dicían que non, que facía o treito ese que é perigosísimo para pasar, o da estrada da Deputación, pero o resto que non, e niso están.

Conclúe dicindo que el non ten ningún problema en incluír este punto, incluílo e ver se o conseguen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el parécelle ben incluír un acordo supletorio na moción, no que o pleno se pronuncia sobre que propoñerlle a Adif, as medidas que correspondan dende o concello, por escrito ou

mantendo as reunións pertinentes, co fin de pedir que se inclúa o treito dende a estrada DP-1704 da Deputación ata o paso a nivel de Cela. Todo isto como unha transaccional á moción que presenta o concelleiro do Obras, presentada polo grupo de EU, non sabe se os demais compañeiros están de acordo con ela.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane di que volve reiterar que a eles o que lles preocupa é a seguridade de todas as persoas que poidan utilizar esa senda peonil, e a maiores tamén lles preocupa o custo da obra.

Gstaríalles saber se nesa reunión, ou por parte do concelleiro delegado de Obras e Servizos, se ten un custo aproximado do que pode custar esa senda peonil e o que pode supoñer o paso a nivel, porque para a maneira de ver deles, e despois de falar cos veciños da zona, o que entenden é que está erróneo facer o paso a nivel onde está actualmente. Os veciños manifestan, e eles tamén ven máis lóxico, que para salvar a altura, que alí é o maior inconveniente, hai que facelo na estrada de abaixo, máis pegado á primeira casa que hai, porque alí si que se salvaría a altura, chegando ao vial da parte de arriba sen facer un paso a nivel tan longo nin tan dificultoso e custoso.

A eles gustaríalles saber se hai algunha valoración do que pode custar unha obra e máis a outra, para ter elementos á hora de poder decidir, porque volve dicir que entre cesións dunha cuestión e doutra, se hai que pagar expropiacións e demais, dubida que unha obra en comparación coa outra poida ter diferenzas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que eles, se inclúen a proposta que fan os compañeiros de EU, van estar de acordo, porque ademais Adif cando fai referencia á acta da reunión que tivo lugar en Madrid, no punto tres di que o proxecto orixinal propón a supresión do paso a nivel, executando exclusivamente un pechamento de simple torsión a ambos lados da vía e que a dita solución conta coa aprobación do Concello de Cambre por acordo en pleno do 23 de febreiro de 2006. E no punto número catro di que tanto por Adif como por parte do concello se considera que a dita solución é insuficiente, ao obrigar aos peóns a modificar o seu itinerario e ter que circular ao longo de 200 metros pola estrada DP-1704 que non conta con beirarrúas. É dicir, el cre que son conscientes do perigo que ten e, polo tanto, se inclúen a proposta de EU, eles tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que eles por suposto apoian o engadido que fai EU, pero tamén dende a común vontade que hai por parte de todos de tentar facer isto o mellor posible, el propón, dende o seu descoñecemento da relación con outras institucións, porque é un concelleiro acabado de chegar á oposición, pero que ve que moitas veces determinadas administracións, ou entes públicos como Adif, poden funcionar de calquera maneira, por iso, aínda a risco de ser impopulares, eles o que non consideran é que habendo tamén outras necesidades no Concello de Cambre respecto de pasos a niveis, Adif diga “eu soluciono iso, pero non me molestes con outras cuestións”, e fala por exemplo do paso a nivel do Camiño Real a Meixigo, polo Noceiro. Aí tamén hai acordado por parte desta Corporación no anterior mandato executar unha obra, e dillo persoalmente ao Sr. alcalde porque foi outra Corporación, foi outra xente, pero el agora é o alcalde de Cambre, leva xa máis de dous anos no exercicio do cargo, e iso é algo que a día de

hoxe está parado. Eles o que queren é que Adif non poida dicir que van cortar aí, porque lle van dar ao concello iso outro.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que en absoluto, que os pasos que teñen no Noceiro e no Canal son subterráneos, e eses están aprobados así, para que o fagan así, e de momento non o fixeron, pero está aprobado e teñen que facelo así, subterráneo.

Conclúe dicindo que van aprobar a proposta coa achega de EU sen ningún problema, pero que tampouco saben se o van facer inmediatamente. Eles aproban agora o que queren que se faga, pero cando o van facer, de momento non o saben.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación proposta polo grupo de EU, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE.

Así pois, concluído o debate e logo da votación coa inclusión da proposta efectuada durante este polo grupo municipal de Esquerda Unida, a Corporación, por quince votos a prol, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a alternativa á supresión do paso a nivel do pk 535/172 (Ponte Cela) da liña Palencia-A Coruña, termo municipal de Cambre (A Coruña), executando unha beirarrúa ou senda peonil por unha das marxes da estrada da Deputación da Coruña DP-1704, no treito que discorre entre os camiños municipais 00084 e 00085.

Segundo: Que se dea traslado deste acordo ao xefe do Convenio Galicia do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), para que realice un modificado ao proxecto no que se contemplan ademais das obras proxectadas para a supresión dos pasos a nivel do pk 533/734 (Canal) e do pk 535/840 (Socampo), os cales se substitúen por uns pasos a distinto nivel subterráneos, a alternativa de paso á supresión do paso a nivel do pk 535/172 (Ponte Cela).”

Terceiro: Propoñer a ADIF que se inclúa no proxecto o treito que vai dende a estrada DP-1704 da deputación ata o paso a nivel de Cela.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Non foi utilizado este punto.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o

concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal popular para condenar os actos de terrorismo en Galicia

Foi entregada á secretaria da Corporación antes de comezar a sesión conxunta das Comisións Informativas que tivo lugar o día 24 de setembro de 2013, e substitúe á rexistrada de entrada ao núm. 12489 o día 19 de setembro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e detonación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas etc., así como nas vivendas de persoas relacionadas co ámbito xudicial, universitario ou político.

A mediados do mes de setembro deste ano 2013 a Audiencia Nacional condenou a catro integrantes de Resistencia Galega por diferentes delitos de terrorismo, como son a tenza de explosivos con fins terroristas, a participación en organización terrorista ou a falsificación de documentos oficiais con fins terroristas.

Segundo a sentenza, a Policía Nacional interceptou a estes terroristas con artefactos que contaban con sistemas temporizados de ignición *“en perfectas condicións para lograr a súa explosión”*, coa que terían provocado danos materiais e *“posto en perigo a vida e a integridade das persoas”*. Así mesmo, a Audiencia Nacional cualificou a Resistencia Galega como unha *“organización terrorista”* que *“ten por finalidade subverter a orde constitucional”* e que *“xustifica o emprego de violencia contra as persoas e os bens como único medio de lograr os seus propósitos”*.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Calquera tipo de violencia, e por suposto a terrorista, non ten cabida nunha democracia. Todos os cidadáns e, especialmente os representantes públicos, debemos estar unidos na súa condena e en ningún caso desculpando ou minimizando feitos que poden atentarse contra a vida e a integridade das persoas.

Por todo o anterior, o grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambre eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo e, por suposto, o levado a cabo por Resistencia Galega.

Segundo: Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destes actos.

Terceiro: Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias País, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol. A pesar das acusacións que nalgún momento se lles teñen feito dende o propio partido popular, non cre que ninguén neste país teña ningunha dúbida do compromiso do partido socialista, tanto co rexeitamento dos actos de violencia e terroristas, como co rexeitamento da promoción deses actos, e máis no caso deste grupo terrorista do cal o seu partido ten sido vítima, xa que lles volaron varias sedes dentro da provincia da Coruña.

Agora ben, como é o momento de explicar as posturas políticas duns e doutros, a pesar de que en canto ao contido están substancialmente de acordo, non obstante si queredría tirarlles un pouco das orellas, porque o que lles diferencia é quizais a utilización que se fai do tema do terrorismo. Esa é a principal diferenza entre o partido socialista e o partido popular.

Di que para eles o mellor acto de condena que ten calquera acto terrorista é a propia condena xudicial, e o equipo de goberno acaba de recoñecer que este mesmo mes de setembro eses suxeitos recibiron da Audiencia Nacional a súa condena.

Esta moción, como todos saben, leva meses pasando de concello en concello, paseándose. Anunciouna o propio Feijoo ao saír dun pleno do Parlamento e eles non entenden moi ben a urxencia de traela hoxe neste pleno, iso aínda que reitera que están substancialmente de acordo en canto ao seu contido. O que temen é que resucitala neste momento quizais teña que ver con outros actos de propaganda predemocrática que ao partido popular lle poden afectar e que dende logo eles rexeitan da mesma maneira.

Gustaríalles que nalgún momento o partido popular tamén trouxese algún tipo de moción destinada a rexeitar ese tipo de comportamentos. Como saben, a propaganda predemocrática, a simboloxía franquista e neonazi, nestes momentos está escandalizando á sociedade española e á sociedade galega, e cre que non estaría de máis que o partido popular tamén, xa que se ven afectados por esas cuestións, trouxesen unha moción que o partido socialista con gusto votaría para o vindeiro pleno.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles, por suposto, tamén van aprobar esta moción, porque dende o seu grupo rexeitan calquera tipo de terrorismo, pero tamén cren que se está facendo unha política partidista por parte do partido popular coas cousas que se traen e levan ao pleno.

En todo caso, dende logo, están de acordo coa moción, sobre todo co principio do punto número un, que é manifestar o rexeitamento e condena ao terrorismo, punto, porque é a calquera tipo de terrorismo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que neste tema non será EU, en xeral, nin ningún dos seus dous concelleiros, en particular, quen non condene ao terrorismo. Tampouco serán eles os que defendan o terror imposto á sociedade civil de ningún xeito. Non serán eles, tampouco, os que loiten con ningunha outra arma que non sexa a súa palabra e a súa loita activa pero pacífica. Pero di que tampouco serán eles os que permitan que o partido popular utilice unha estratexema política desprezable, cre que esa é a mellor denominación, para acurrallar as ideoloxías de esquerdas baixo a ameaza dun terrorismo inexistente, utilizado por eles reiteradamente, para afianzar un poder que se lles está escapando das mans.

Di que de sempre, e fala historicamente, a dereita xogou unhas bazas que actualmente segue a utilizar, son bazas tales como a instauración do medo e a procura da analfabetización do pobo para o seu sometemento. É, en definitiva, a imposición do seu poder sobre o pobo con posicións de autoridade.

Están vendo, ademais, que aínda que a día de hoxe van de demócratas e tolerantes, seguen a utilizar o mesmo tipo de estratexemas para consolidar a súa posición hexemónica, que está apisoando ao pobo, e neste punto vai dar datos, non son opinións. Di que seguen instaurando o medo na sociedade, axitando a pantasma do terrorismo cando os datos do CIS demostran que o terrorismo para a cidadanía non é un problema, nin é unha preocupación, nin no Estado, nin por suposto en Galicia, onde unha parte moi importante da poboación nin sequera saben que é Resistencia Galega, aínda a pesar da publicidade que lle dan eles. Atemorizan ao pobo co conto de que van vir os vermellos e dicindo que debaixo do mando protector do PP van estar todos máis protexidos.

En canto ao de que pretenden ter unha sociedade ignorante, queda máis que en evidencia coa reforma educativa que están impoñendo co seu ministro estrela, o Sr. Wert, sen ningún tipo de complexo desfán a Educación, para que só uns poucos privilexiados teñan acceso a ela, baixo talonario, evidentemente, e o resto sexan unha morea de ignorantes que poidan manipular con este tipo de argumentos, tales como o de que o terrorismo é un gran problema a día de hoxe en Galicia.

Continúa dicindo que, como comentaba a compañeira socialista, no mes de xuño, antes de que foran condenados eses catro membros de Resistencia Galega, cando en diferentes concellos o PP ía presentando esta moción, a eles xa lles estrañou que en Cambre non a trouxeran. Na súa inxenuidade coidaron que, tal e como estaban os ánimos neste salón de plenos, e acabada de experimentar unha perda de confianza por parte do alcalde, tiveran a ben deixar correr o tema para intentar tranquilizar as augas, moi revoltas, que teñen neste concello, cando todo apunta a que van a revolveirse un pouco máis. Pero agora, coa condena dos catro membros de Resistencia Galega non podían deixar pasar esta oportunidade de manipular un feito, sen suficiente importancia, para agachar a realidade do que está a acontecer en

Galicia, e as barbaridades que están a cometer dende o PP, e que están agachando baixo a sombra dunha barbarie que afortunadamente non están a sufrir en Galicia.

Continúa dicindo que como supón que farían algún tipo de reunión antes de traer esta iniciativa, xa suporían que todos estes temas ían saír se traían esta moción, pois ben, aproveitando que xa sabían que se ía falar de todo isto, van falar claro. Manifesta que no PP, a día de hoxe, e vai utilizar unha expresión que non é a que lle saíra de forma natural, están literalmente mortos de medo, porque están observando que o talante social está mudando, está cambiando, as persoas estanse movendo, a xente está saíndo ás rúas a protestar, e a esquerda, esa que defende todo o contrario do que eles promulgan, está a acoller e denunciar todas as violacións sangrantes de dereitos levadas a cabo polo PP.

Se queren falar de violencia, poden facelo. Dilles que aos acusados de Resistencia Galega aplicáronlles unha pena de entre oito e dez anos por participar en organización terrorista, por falsificación de documentos e por tenza de explosivos. A EU, e en todo momento quere que se lles entenda, non se lles ocorre defender aos membros de Resistencia Galega, porque son culpables, hai que condenar a posesión de explosivos, hai que condenar o terrorismo, hai que condenar a violencia, o problema é que a vara de medir é diferente, e ese é o grandísimo problema. A violencia exerceuse de moitas formas, de moitos xeitos, o medo séntese de moitas formas e de moitos xeitos, e o asunto que están a tratar hoxe non é o terrorismo, é outro ben diferente.

Di que o asunto é que o partido popular é culpable, entre outras cousas, de ter a pouca vergonza de utilizar o medo, sacando da cova o monstro do terrorismo en Galicia, cando en Galicia non hai terrorismo. O problema máis grave que teñen en Galicia a día de hoxe non é o terrorismo. O problema máis grave que teñen en Galicia é que teñen un presidente da Xunta, o Sr. Alberto Núñez Feijoo, que se relaciona con narcotraficantes e non dá explicacións, non só iso, senón que a Xunta non entrega os contratos públicos que relacionan ao Sr. Feijoo co contrabandista Marcial Dorado. Teñen agachados en San Caetano os documentos que aclararían a tramitación da mina de Corcoesto, tampouco entregan os documentos da arbitrase das preferentes, os contratos da Xunta con empresas vinculadas coa trama Gürtel. O problema que teñen en Galicia di que non é o terrorismo, o problema que teñen en Galicia é que grazas ao PP hai hospitais nos que non se cambian as sabas a diario, que rompen as palomitas das vías porque as mercan nos chinos, que os médicos e sanitarios teñen que reutilizar luvas que se rompen, diabéticos que teñen que levar as súas galletas porque nos hospitais non se lles subministran, que urxencias está colapsado e a xente tirada polos corredores, por culpa do PP.

Neste punto di que é cando habitualmente dende o goberno municipal lles chaman demagogos, e ela xa se anticipa, porque sabe que llo van chamar. Cando di que ese tipo de recortes si que acaban coa xente, está a dicilo con total convencemento, e está a acusar directamente ao PP como responsable da deterioración da vida e da saúde dos galegos, porque despois de toda a vida cotizando atópanse tirados nun corredor, sen dereito a unha triste padiola, agardando a que os atendan 24 horas en urxencias e mandándoos para casa, agardando un ano por unha colonoscopia que cun pouco de sorte igual lles chega antes de estar criando herbas.

Di que iso é violencia. Teñen máis problemas en Galicia que non son o terrorismo, teñen un sistema educativo ferido de morte polo PP que como xa dixo ten como único obxectivo conseguir un pobo ignorante que poidan manipular, e ese obxectivo tamén está en camiño, xa que o amigo Feijoo conseguiu que en catro anos diminuíra un 20% o orzamento universitario.

O PP ten como obxectivo que a Educación siga as directrices de Rouco Varela, que dou hai tres ou catro ordes. Deu a orde de que se eliminara educación para a cidadanía e se volvera impartir relixión, e así o recolle a lei Wert, o ministro de Educación máis impresentable da historia da democracia, e iso tamén é violencia.

Sinala que se queren seguen co tema da Igrexa, porque outro mandado da Igrexa, do Sr. Rouco Varela, que ten o Sr. Gallardón, e que vai cumprir en outubro, é o que pretende ilegalizar o suposto de malformación fetal no caso de aborto, obrigando ás mulleres a volver a abortar na clandestinidade. Di que esa limitación dos dereitos da muller, iso si que é violencia.

Teñen problemas máis graves que o terrorismo en Galicia. Teñen unha case desaparecida Lei de dependencia...

Neste punto toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle á Sra. concelleira que vaia terminando.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se para ela hai un tempo de intervención.

O Sr. alcalde contesta que ela xa o sabe, porque aprobou o Regulamento orgánico municipal. El o que lle di é que vaia terminando.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se lle pode indicar canto é o tempo do que dispón.

O Sr. alcalde roga silencio ao público asistente.

Dona M^a Olga Santos López reitera que lle diga o tempo que ten, que ela se adapta.

O Sr. alcalde dille que xa o sabe, que aprobou o Regulamento orgánico nesta cámara.

A concelleira de EU dille que non sabe exactamente os minutos que son, que lle diga dos que dispón, porque parece que non lle gusta o que ela está dicindo.

O Sr. alcalde responde que non, que pode seguir, pero que se limite ao seu tempo, porque ela sabe que ten cinco minutos.

A concelleira de EU dille que empece a contarlle os tres que lle quedan.

O Sr. alcalde dille que xa os contou, e que leva sete, por iso lle di que continúe, pero que vaia terminando.

A concelleira de EU manifesta que está ben, pero que se contan os tempos, entón contan os de todos, e dille ao Sr. alcalde que o regulamento utilízao cando quere, porque ten unha moción aprobada do pleno de xuño que dixo diante de todos que non ía cumprir, así que aplicar o regulamento é cando a el lle convence.

O Sr. alcalde reitéralle que o único que lle roga é que vaia acabando.

Continúa dona M^a Olga Santos López dicindo que segue co tema da Lei de dependencia, despois desta abrupta intervención, indicando que o PP desfíxoa no 2012 e, por se fora pouco o que recortou, vai volver recortar 1100 millóns e 14000 coidadores van perder as súas prestacións.

E así, poderían seguir falando toda a noite, pero non lle deixan, podería seguir enumerando violacións de dereitos, destrución do Estado do benestar, supresión de dereitos, sometemento a un estado de tristeza e depresión ás galegas e galegos, que non saben, cando se levantan pola mañá, como van chegar ao día seguinte.

Dille ao Sr. alcalde que para tapar todo isto, e esa é a conclusión da súa intervención, algún dos seus sisudos asesores decidiu montar esta cortiña de fume do terrorismo. Pídelle por favor que o feliciten da súa parte, é un fenómeno. Di que, por suposto, EU vai votar a prol da condena ao terrorismo, levan facendo iso toda a vida, non agora, sempre condenaron a violencia, tanto a exercida por Resistencia Galega, como a exercida polo Goberno, unicamente, como conclusión, quere indicar que a ela persoalmente daríalle vergonza pertencer a un partido como o que eles representan, e se tiveran algo de decencia política non se lles ocorrería, coa que están leando, dar leccións de moralidade.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que dende o seu grupo, e un pouco ao fío do que aquí se acaba de dicir, queren manifestar unha cuestión, e o di así de claro, porque hai xente que parece que non se acaba de dar conta. Cando se aproba unha Lei de matrimonio igualitario, non é obrigatorio casarse con persoas do mesmo sexo, cando se aproban unha serie de dereitos para a muller, o dereito ao aborto, non é obrigatorio abortar, e di que tampouco é obrigatorio vir aos plenos da Corporación municipal do Concello de Cambre. Os que aquí están non son políticos profesionais, farano mellor ou peor, están no exercicio e na plasmación dun dereito e dunha realidade democrática, e el pide un mínimo de respecto, porque ademais non están en igualdade de condicións os que están aquí arriba, cos que están aí abaixo e poden loxicamente facer a intervención que consideren, da maneira máis gratuíta posible. Se en determinado momento é necesario, sáese fóra e fálanse as cousas como persoas, unha vez remate o pleno, ou faise uso das canles de participación que están felizmente aprobadas e pouco utilizadas neste concello.

Continúa dicindo que ao fío do que aquí se dixo, el está de acordo, claro que teñen que falar de cuestións de Cambre, de feito aquí o equipo de goberno en nomeadas ocasións, cando se tratan cuestións que teoricamente non teñen que ver con Cambre, ben que llelo botan en cara, iso cando traen cuestións que teñen que ver coa sanidade, co transporte, ou con aspectos da política estatal que si teñen unha vinculación directa con todos e cada un dos veciños de Cambre. Casualmente hoxe o

PP trae este tema, que saben que está na boca da xente, e que no Graxal está todo o mundo preocupadísimo polo terrorismo, é unha cousa louca, xa incluso se deixou de falar do tema do traslado do Campo da Feira, porque a xente está total e absolutamente amedrentada co tema do terrorismo que non lles deixa respirar.

Pois ben, a el, Daniel Carballada Rodríguez, documento de identidade 32 842 261-D, a xente de Resistencia Galega parécelle, no plano político e ideolóxico, morralla. Dálle o máis completo e absoluto dos noxos, máxime dende a óptica dunha persoa que se considera nacionalista de esquerdas. Di que el non alcanza a entender como se poden defender os ideais dunha Galicia ceibe, dunha democracia máis avanzada ou dun réxime social máis xusto e igualitario, facendo estalar o que sexa, bombas, potas, olas a presión ou o que sexa, iso dende o punto de vista político, o seu rexeitamento máis absoluto.

E dende o punto de vista persoal, sinceramente o di, esa xente dálle mágoa, ver xente nova facendo iso o sentimento que lle produce é dunha auténtica mágoa, por eles, polas súas familias, polas súas amizades e polas súas vidas. E di que fai isto non tendo unha actitude condescendente, porque el dende logo non cae niso, é dicir, el non minusvalora o que se fixo, nin di que son uns rapaces, nin nada, porque son efectivamente suxeitos adultos, maiores de idade, que no exercicio da súa liberdade están facendo o que están facendo, e el condénao total e absolutamente. É algo que non acaba de concibir.

Di que non se vai estender en demasía, está en grosso modo de acordo cos argumentos aquí expostos por diversos grupos e en especial por EU. Esta é unha moción que busca distraer a atención, busca distraer a atención da crise económica, dos problemas reais da xente, da corrupción en determinadas esferas do poder, e un pouco quedar como campións da democracia. É unha estratexia, el non está de acordo, pero vale, é unha estratexia política.

A moción vai saír aprobada, el non ten, dende logo, maior problema, pero dende o BNG van votar en contra, sabendo que o fácil é votar a prol, porque votando a prol era fácil non ter nin que intervir, votar e pasar á seguinte moción, pero consideran que o ético, honrada e politicamente é dar a cara, e dicir que eles están total e absolutamente en contra de calquera tipo de acción terrorista, armada ou como se lle queira chamar, el niso non ten ningún problema, nin en que esa xente sexa xulgada e condenada, pero non van tomar á cidadanía por parva, trasladándolle unha realidade virtual que felizmente non existe, e el felicita aos Corpos e Forzas de seguridade do Estado por iso.

Conclúe dicindo que están vendo un caso de moita actualidade social estes días, o ben e a dilixencia coa que están actuando con todo o tema ese que ocupa tantas páxinas na prensa e minutos na televisión. Pídelles que actúen, fai votos para que actúen coa mesma dilixencia con eses grupos, porque está seguro que o Estado español ten aínda máis medios e máis resortes para acabar con esa panda de descerebrados.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el vaise centrar na moción e está totalmente de acordo en todos os seus termos, polo que vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que lle quere agradecer a todos os grupos que manifestaron o seu voto favorable, evidentemente non no seu propio nome, senón en nome do PP e en nome de todos os que fan o posible por ser demócratas. Pero di que lle chama moitísimo a atención as distintas formas que teñen dous grupos de expoñer esta cuestión.

Ao principio da súa intervención a Sra. Iglesias preguntaba por que se presentaba esta moción, e por aquí se dixo que foi por oportunismo político. Di que non, que non o é, ou si, como o vexan, pero eles o que queren, e así o está facendo o PP en todos os municipios de Galicia, é que os veciños, os xornalistas que cobren a información local, os veciños de a pé, os que asisten aos plenos, etc., saiban que grupos son os que condenan o terrorismo e cales son os grupos que o xustifican. Di que iso é o único que queren facer.

O Sr. alcalde pide orde e roga silencio.

Don Felipe Andreu Barallobre continúa dicindo que este tema eles saben que non tería saído se prominentes dirixentes dos partidos que están aquí non tiveran xustificado publicamente o terrorismo, porque dille á concelleira de EU que esa é a cuestión, a cuestión é que o partido de EU fixo unha coalición electoral cunha persoa que xustifica o terrorismo, e ela fixo un discurso xustificando o terrorismo, aínda que a súa estratexia, a diferenza da do BNG, é dicir que ela vai xustificar o terrorismo, porque iso é o que lle manda o partido, pero non obstante vai votar a prol da moción a ver se ten a sorte de que os medios de comunicación ao día seguinte non poñan que ela deixou de condenar o terrorismo. Dille que esa foi a súa estratexia no seu discurso.

Dille que ela soa, e o partido de EU só, retrátanse cando tratan de equiparar ou de facer comparacións entre xente que pon bombas, que intenta asasinar xente e esnaquizar as empresas e os empregos da xente, comparan iso cun presidente elixido pola maioría absoluta dos galegos, que é o presidente de todos os galegos. Ela retrátase cando intenta comparar a uns posibles asasinados, que intentaron e puideron asasinar, porque así o di a sentenza, e compara a eses posibles asasinados cun presidente da Xunta democraticamente elixido.

Volve dicirlle que ela soa se retrata, pero que tamén se retrata negando que en Galicia exista terrorismo. Pregúntalle como di que en Galicia non existe terrorismo se a Audiencia Nacional acaba de ditalar unha sentenza dicindo que hai unha banda armada en Galicia, unha banda terrorista. O que teñen que facer todos os galegos, os galegos de ben, os galegos demócratas, o que teñen que facer é pelexar dende o principio para que iso non se converta no que se converteu, por desgraza, noutras zonas do país.

Di que teñen que combatelo dende o principio e dille que o que ela fai, o que eles están a facer, dunha ou doutra forma, é xustificalo, darlles alento, porque como son de esquerdas, todo o dividen en dereitas e esquerdas, e el dille que isto non é un debate

de dereitas e esquerdas, isto é un debate de delincentes e non delincentes, ese é o único debate que hai, e eles coa súa postura o que están facendo é xustificar a acción dos delincentes. Por iso, aínda que ela diga que lle daría vergonza pertencer a un partido como o del, a el o que lle daría vergonza é saír á rúa e terlle que dicir aos veciños que está xustificando a xente que puido asasinar a alguén, iso é o que a el lle daría vergonza, porque ata hoxe di que el está nun partido que defende as leis e defende a democracia.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle ao Sr. Andreu que vaia rematando.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que ela, soamente por aclarar, escoitando as intervencións di que lle queda claro que este tema é unha arma que se lanza entre dous polos, e nese sentido o partido socialista teno moi claro, condena todo acto de terrorismo. Teñen claro que isto é un grupo terrorista, pero tamén lles recrimina que utilicen este tema, porque é penoso que se utilice este tema con fins partidistas, intentando lanzarse a pelota dun lado a outro. Di que iso é o que estiveron vivindo estes días no Parlamento de Galicia, así que tampouco é tan sorprendente, por iso pide que lle permita lembrarllo, simplemente.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o Sr. Andreu logrou que el marche de aquí con medo, ata agora non o tivo, pero a partir de agora vai telo, porque é un terrorismo que el non percibía especialmente en Galicia e agora parece ser que o hai. Di que simplemente se ratifica en que o seu grupo está e vai estar sempre de acordo en votar en contra de calquera tipo de terrorismo.

En canto ás leis do PP, que o seu voceiro dixo que cumpren e seguen cumprindo, lémbrelle que eles apoiaron unha guerra ilegal en Iraq, iso tamén foi o seu partido.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López dille ao Sr. Andreu que, xa soamente no que é o ámbito persoal, ela cre que pode ter moitos defectos, xa hai dous anos e pico que se coñecen, e ela dá fe de que ten moitísimos defectos, pero un que non ten é falar opaco, cre que fala bastante claro, e se ela nalgún momento estivera de acordo co que fai algunha organización, algunha persoa, do carácter que sexa, pódelle asegurar que en lugar de estar aquí sentada, pola súa forma de ser estaría poñendo bombas. Di que, cando non o está facendo, e cando está aquí sentada, é porque cre firmemente na democracia e cre firmemente no poder da palabra, e rexeita absolutamente calquera tipo de violencia, e insiste, calquera tipo de violencia, a das bombas e tamén a violencia política.

Por iso pídelle que non a acuse de defender algo que non defende, porque se o defendera o diría aquí, e pídelle que non faga así, porque é moi cómodo para eles, de feito neste concello non é a primeira vez que se acusa a EU de terroristas, xa no seu día tiveron que pedir que se retirara dunha acta dun pleno a mención de que pertencían a ETA, iso por colgar uns boletíns informativos cun asunto que todos recordarán perfectamente, e polo cal o propio alcalde os asimilou a ETA.

Conclúe dicindo que é un discurso ao que eles rapidamente recorren, cando ven que están un pouco apertados falan do terrorismo, e igual que el pensa que ela mesma se cualifica, el acábase de cualificar absolutamente.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que simplemente quere aclarar que el en ningún momento xustifica a Resistencia Galega, nin o BNG o fai.

O voceiro do PP pídelles, entón, que vote a prol da moción.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que como lle di que vote a favor, pregúntalle se el entende, aínda que sexa por un segundo, en que consiste a liberdade e a democracia, xustamente en poder elixir e en poder votar libremente. El estalle dicindo, como o Sr. Andreu ten dito en infinidade de ocasións, e el non llo ten recriminado, que estando de acordo co espírito da moción o voto é contrario, por isto, por iso e por aquilo outro.

Dille que se el estivera, como acaba de dicir a compañeira de EU, a prol do terrorismo ou da violencia ou de calquera cuestión, que teña ben claro que llo diría, pero sincera e honradamente non é o caso. Pídelles ao Sr. Felipe Andreu que non intente vender droga adulterada, porque a súa intervención é total e absolutamente grotesca, e di que fala por todos e por cada un dos militantes do BNG de Cambre, e a nivel nacional polos militantes do BNG, que eles si responden, porque terán poucos alcaldes, pero non teñen alcaldes como o de Baralla, nin como o de Beade, nin cargos públicos que realizan saúdos fascistas, nin amparan comportamentos e actitudes violentas. Pídelles ao voceiro do PP que lle diga un.

Continúa dicindo que el o que non está disposto a transixir é con que anden os ladróns atrás da policía, e na súa organización, como noutras, son pobres pero honrados, e que se lles intente acusar da máis mínima conivencia con comportamentos violentos, ata aí chegaron. El cre que os concelleiros do PP son suficientemente adultos como para non caer nese tipo de comportamentos demagóxicos que o único que fan é desvirtuar o sentido dun pleno e da vida municipal.

Dixo a compañeira de EU que bastante caldeado estaba o ambiente na vida municipal de Cambre como para aínda por riba traer isto. É a percepción dela, e el en parte está de acordo, pero el tamén tiña outra visión, que era que aquí máis que nada eran veciños, e nalgún momento podían quentarse e dicir cousas, que máis ou menos quedaban no pleno e vía, e non percibía ese nivel de crispación, nin dito mal e ás presas, de mala baba á hora de facer política. Se o goberno municipal quere ir por ese camiño, ameazándoos coa prensa e cos veciños, dicindo que o BNG ou EU ou quen sexa apoia ao terrorismo, alá eles, pero dilles que veranse na xustiza.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que simplemente quere matizar á concelleira de EU. El en ningún momento lle ten chamado nin a ela nin ao seu grupo terrorista, simplemente dixo que o seu discurso, ao seu entender, xustifica accións que non deberían ser xustificadas. É o único que dixo, pero el en ningún momento lle dixo a ela que pertencese a unha banda terrorista, el non lle dixo iso.

Dona Margarita Iglesias Pais pide a palabra e di que soamente é para dicir unha frase.

O Sr. alcalde dille que as intervencións no Pleno regúlanse todas por un Regulamento orgánico e ela xa interveu dúas veces, polo que cre que é o momento de votar a moción e non darlle máis voltas. Entende que a liña da súa postura xa a dixo, pero vaille permitir aclarala.

Dona Margarita Iglesias Pais di que quere que quede claro que o partido socialista condena e non está de acordo nin con comparacións desafortunadas do terrorismo con outras cuestións, nin tampouco cunha utilización política e partidista dunha condena, nada máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e vota en contra o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que, por terceira vez, o seu grupo trae a este pleno a proposta de posta en marcha do programa de universalización do servizo de comedores escolares. A continuación dá lectura á moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto da posta en marcha do programa de universalización do servizo de comedores escolares

Rexistrada de entrada ao núm. 12641 o día 21 de setembro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“O grupo municipal dos socialistas de Cambre presentou no mes de outubro de 2011 unha moción ao pleno municipal na que instaba á Xunta de Galicia e ao goberno municipal a adoptar medidas que favoreceran a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Cambre no eido educativo e, en concreto, a posta en marcha de accións destinadas a universalizar o servizo municipal de comedores escolares.

Esta moción tratouse no pleno do 20 de outubro de 2011 e foi aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos presentes na Corporación. De feito, o voceiro do PP, Sr. Andreu, manifestou: *“que o seu grupo vai votar a favor da moción, porque está totalmente a prol dos acordos que se propoñen”*. E máis adiante sinalou:

“en canto a que o concello asuma o servizo para os nenos que cumprindo os requisitos non teñan obtido prazas, é algo que o PP levaba no seu programa”.

Con base na aprobación da citada moción, o grupo municipal dos socialistas de Cambre propuxo un voto particular, no pleno de aprobación dos orzamentos municipais para o ano 2012, que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2012, para poñer en marcha e financiar, cunha consignación de 5000 €, o “Programa de universalización do servizo de comedores escolares”. Este voto particular foi aprobado co apoio unánime de todos os grupos da Corporación.

Ante a falta de iniciativas do goberno municipal para poñer en marcha este programa, e despois dunha conversación mantida coa concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, o día 23 de marzo do 2012 presentouse, por parte deste grupo, un escrito no que se achegaban unha batería de suxestións para facilitar a posta en marcha do programa acordado.

No pleno ordinario de setembro de 2012 reiterouse a moción, contestando a concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación *“que a ela gustaríalle saber se o concelleiro socialista ten coñecemento dalgún neno de Cambre, que cumprindo os requisitos, quedase sen praza de comedor”*, continuando a dicir que *“a día de hoxe, eles non recibiron absolutamente nin unha soa queixa”*.

Como única medida posta en marcha para cumprir cos compromisos acadados, polos responsables municipais remitíronse aos CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, Portofaro da Barcala e O Graxal do Temple, follas fotocopiadas nas que se relacionaban distintas escolas infantís de titularidade privada onde poderían acudir os pais interesados que, non tendo praza de servizo de comedor escolar para os seus fillos nos centros educativos, precisaran del.

O certo é que por culpa da incapacidade do goberno municipal para xestionar o tema, e poñer en marcha o compromiso de toda a Corporación sobre o tan demandado Programa de universalización do servizo de comedores escolares, a comezo do mes de agosto do presente ano 56 rapaces de educación infantil e primaria, residentes no noso concello, iniciaban o curso sen praza.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Primeiro: Instar ao alcalde de Cambre a que, na súa condición de máximo responsable do goberno municipal, adopte as medidas oportunas (informativas, regulamentarias, orzamentarias, etc.) para poñer en marcha, coa máxima celeridade, o Programa de universalización do servizo de comedores escolares, co fin de que todos os nenos de educación infantil e primaria do noso concello que o soliciten poidan acceder a praza de comedor escolar.

Segundo: Adoptar con carácter urxente todas as medidas precisas para que os rapaces de educación infantil e primaria, que a comezo deste curso escolar quedaron sen praza de comedor escolar, poidan acceder inmediatamente a este servizo, en iguais condicións de custo e calidade que o resto de escolares do concello.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, dilles que eles mesmos o dixeron. A verdade é que se contestan eles sos na moción, cando falan das palabras que el dixo nun pleno de hai un par de anos respecto de que “en canto a que o concello asuma o servizo para os nenos que cumprindo os requisitos non teñan obtido prazas é algo que o PP levaba no seu programa”. É algo que dixo no seu momento e é algo que mantén neste momento.

Di que a única diferenza é que o partido socialista xoga un pouco ao despiste neste asunto, din que foron 56 rapaces os que quedaron fóra, pero o que non din é que eses 56 rapaces, que realmente foron 79, eses rapaces non cumprían os requisitos, esa é a parte que non queren dicir. Aquí en Cambre entraron 70 rapaces que non cumprían os requisitos porque sobaban 70 prazas, e no Graxal entraron 60 rapaces que tampouco cumprían os requisitos, porque como sobaban prazas os consellos escolares déronlles acceso a esas prazas.

Manifesta que eles non van ser, nin moito menos, os que se opoñan á mellora do servizo, un servizo que é para todos os cidadáns. O que teñen que ter claro é cales son as necesidades reais, unha cousa é que sexa un servizo para as persoas que o necesitan, e outra cousa é que sexa un servizo para todas as persoas, necesíteno ou non o necesiten. Considera que as administracións teñen que intervir para solucionarlle os problemas á xente que necesita un determinado servizo.

Dende o grupo socialista seguro que teñen falado con moitas familias, non di o contrario, familias que lles comunicaron que necesitan ese servizo e que non teñen praza. Di que dentro da vontade do goberno municipal, cando hai dous anos aprobaron esta mesma moción, e despois un voto particular, fixeron algunhas xestións e, por unha ou por outra razón, non vai dicir nin que o goberno se trabucara na medida, nin que non existira demanda, nin unha cousa nin a outra, pero o certo é que se lle ofreceu un servizo complementario a todas esas familias e ningunha o solicitou. Pode ser que a xente realmente non o necesitara ou pode ser culpa do goberno por non xestionalo de forma correcta.

Di que o goberno municipal, como ten esa vontade, e cre que xa o demostraron, primeiro aprobándolles unha moción, despois un voto particular, incluíndo unha partida nos orzamentos e facendo unha serie de xestións para que os pais tiveran un servizo adicional, de novo se comprometen e vanse comprometer a facer todas as xestións necesarias. Falando co Sr. alcalde hai un anaco, comprometeuse a facer todas as xestións que teña que facer para intentar mellorar ese servizo, todas as xestións que estean ao seu alcance.

Conclúe dicindo que teñen o seu compromiso, aquí neste intre, é máis, como é posible e ultimamente el pensa que melloraron bastante na colaboración mutua entre todos os grupos, el vailles ofrecer tamén, como voceiro do seu grupo, que se senten de cara á confección dos orzamentos do vindeiro ano, para confeccionar un programa concreto, unha solución concreta, e deseñala entre todos os grupos que se queiran sumar á iniciativa.

O Sr. alcalde pídelles ao Sr. Andreu que vaia rematando a súa intervención.

O voceiro do PP conclúe dicindo que se trata de buscar unha alternativa para despois incluíla nos orzamentos e intentar darlle solución a ese problema canto antes.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que celebra o consenso que o Sr. Andreu propón e a oferta de diálogo, pero o que eles queren, sobre todo, é que se cumpran os acordos. Dille que aquí hai unha moción que no seu momento se presentou, foi acordada e aprobada por unanimidade, e o servizo non se ten instaurado, polo que sexa.

En canto aos datos que o Sr. voceiro dixo que eran erróneos e que incluíron na moción, son datos que lles facilitou a dirección dos respectivos centros escolares de Cambre, non son datos inventados.

Dille que o que se conclúe con eses datos, polo que se ve, é que o que para tantas familias de Cambre é unha necesidade, para o goberno municipal é un problema. Instaurar un servizo municipal de comedores escolares complementario do que presta a Xunta de Galicia, é un problema. Para eles redactar unha ordenanza, elaborar as bases da convocatoria para o servizo, ou simplemente subscribir un convenio de colaboración, é un problema.

O Sr. Andreu dicía antes que se darán os pasos oportunos e que se farán as xestións oportunas. El o que lle di é que o regulamento xa lle permite iso, preguntalle por que non o teñen feito xa.

Tamén falan de non invadir competencias, de non duplicar servizos, iso foi o que lle argumentou o Sr. Andreu na súa última intervención, que o servizo de comedor escolar é un problema da Xunta, para eles todo son problemas.

Pide ao Sr. alcalde que lle permita que de forma sucinta dea un repaso ao decreto que regula os comedores escolares en Galicia, é un decreto de agosto do 2013. No seu preámbulo dise que os comedores escolares configúranse como un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social. É dicir, é tamén unha ferramenta de socialización.

Tamén recoñece o decreto que o comedor escolar, nestes intreos, vai máis aló, xa que acada novas virtualidades derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar.

Eles o que lle din ao goberno municipal é que a xente solicita o servizo porque o necesita, non por vicio.

O decreto establece como obxectivos, e iso si que quere recalcalo, implicar na xestión do servizo á totalidade das administracións públicas. É algo que di o decreto, non o di o grupo municipal socialista.

O decreto, así mesmo, establece como obxectivo promover os cambios organizativos que sexa necesario para posibilitar a xestión de novos comedores escolares. E di no seu articulado, no punto segundo, referente ás modalidades de xestión, o apartado a) xestión directa, é dicir, a que se presta no colexio Wenceslao Fernández Flórez, di o

decreto que os menús serán consumidos exclusivamente por comensais do dito centro ou, se é o caso, por comensais pertencentes a centros próximos autorizados para o efecto. Isto consiste en que a comida elaborada nun centro polo persoal de cociña propio, sexa consumida nas dependencias doutro, é dicir, cocíñase nun centro e consúmese noutro. Iso é absolutamente posible e viable, e así o recolle o decreto.

O decreto no apartado d) do artigo 2º establece como modalidade de xestión directa, a xestión do comedor escolar por administracións públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables da contratación e xestión integral do servizo mediante a subscripción, se é o caso, de convenios de colaboración para o efecto.

Dilles que é a propia Xunta de Galicia a que os invita a implicarse no servizo. Por iso, acepta e recoñece o xesto do goberno municipal, pero chega tarde.

En conclusión, manifesta que a única limitación que establece o decreto é a falta de iniciativa e compromiso político, o que a eles lles falta para poñer en marcha ese servizo, desprezando os acordos adoptados pola Corporación nese sentido, e dando as costas ás demandas e necesidades que lles fan os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el, como non podería ser doutra forma, acepta as críticas do concelleiro socialista ao goberno, para iso están, a oposición ten que criticar ao goberno onde poidan, pero di que non sabe se é que tiña isto xa preparado ou prexulgado, porque el o que lle di é que intentaron facer o posible por solucionalo, de feito o ano pasado non houbo nin un só neno dos que o solicitaron que se quedara sen praza, este ano están noutra situación e, evidentemente, terán que tomar medidas, se hai que tomarlas.

O goberno vai apoiar a moción presentada, porque eles queren mellorar o servizo, están nesa actitude, e como o propio partido socialista recolle na moción, xa o estaban no ano 2011, que foi o primeiro ano, os primeiros meses de lexislatura nos que eles comezaron no goberno. Dilles que van facer todo o posible por solucionar o asunto a curto prazo, que é o que prema, e failles o ofrecemento para sentarse e intentar consensuar un programa e orzamental para o vindeiro ano, e poder anticiparse ao problema para o vindeiro curso.

Conclúe dicindo que ese é o ofrecemento que lles fai, eles poden críticoalo, poden tomalo ou non, pero o goberno municipal vailles apoiar a moción, e aí quedará, porque intentar solucionar as cousas por consenso sempre é o mellor.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que a sociedade de Cambre está urxindo a que tomen esas medidas, pídelle que non demore a posta en marcha do servizo ao curso seguinte.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta, por se acaso non se explicou ben, que o Sr. alcalde e o resto do goberno municipal, comprométense a tomar as medidas que teñan que tomar a partir de agora, para intentar solucionar o problema. Ese é o compromiso, e iso é o que pide a moción no segundo punto, que tomen as medidas, de forma inminente, para intentar solucionar o problema.

Reitera que a iso é ao que se comprometen, e para tomar unha solución definitiva, proponlles reunirse e formular unha cuestión de cara ao futuro.

Don Jesús Bao Bouzas manifesta que aceptan o ofrecemento e di que agardan a súa chamada mañá.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo entende que o ensino debe ser, primeiro gratuíto e, por suposto, universal. Para eles, os comedores forman parte da atención da necesidade de escolarización dos rapaces e rapazas, o que pasa é que neste caso, no deseño do PP para a escola pública, teñen todo perfectamente planificado para destruír un dereito universal que lles levou conseguir moitos anos. Di que ese é o deseño do PP do ensino público.

En todo caso, o seu grupo aproba a iniciativa do partido socialista, como fixeron anteriormente, e tamén teñen en conta ese ánimo de diálogo que ven por parte do goberno, a ver se se transforma nunha realidade, porque tamén queren ver que se transforma en realidade, xa que ás veces dinse moitas cousas nos plenos e logo quedan en nada, porque xa non é a primeira vez que ocorre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable á moción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de EU para o acondicionamento de zonas de baño e recreo nas ribeiras do río Mero

Rexistrada de entrada ao núm. 12645 o día 21 de setembro de 2013, xunto cos rogos e coas preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O grupo municipal de EU de Cambre leva presentado distintas iniciativas que consideramos fundamentais para a restauración e aproveitamento do río mero ao seu paso pola nosa localidade.

As ribeiras do río Mero en Cambre contaron ao longo dos anos con moitos lugares que tradicionalmente foron utilizados como zonas de baño e recreo para os cambreses/as, e moitos visitantes que disfrutaban do contorno e da paisaxe natural do río, o que debería converterse nun importante foco de atracción turística que pode achegar importantes beneficios económicos para o noso pobo. O obxectivo da presente proposta é o aproveitamento natural do río e recuperar para a cidadanía as súas ribeiras ao seu paso polo noso concello, facilitando o uso público dende a implicación municipal nas tarefas de recuperación dese contorno.

Lugares como a Marisqueira, Pozo da Campana, Retorta, As Insuas, Muíños de Naia, O Noceiro, Cela, ou a recentemente desaparecida no Muíño de Peiraio, forman parte da historia viva do noso concello utilizada e disfrutada por moitas xeracións. Dende EU estamos convencidos que non abundan máis demoras nin desculpas, é o momento de facer unha aposta decidida para poder recuperar algún destes singulares lugares dende un compromiso serio e rigoroso da Corporación municipal, e dar resposta mediante un proxecto respectuoso co río e o seu contorno ambiental.

Facilitar o uso público, promover a implicación social e poñer en valor a riqueza natural do noso río é responsabilidade do Goberno e do conxunto da Corporación e, polo tanto, correspóndenos dar unha resposta ás demandas da veciñanza cambresa, dotando a Cambre de zonas de baño e espaxamento aproveitando os espazos naturais de especial fermosura e riqueza paisaxística, recreativa, cultural e educativa, compatible con outros aproveitamentos do río e as súas ribeiras.

Na actualidade asistimos con especial resignación á degradación e abandono da case totalidade das ribeiras do río, observando como nalgúns lugares os propios veciños/as tratan de habilitar pequenas zonas para poder bañarse en condicións precarias e incluso arriscadas.

Os cambreses non podemos, non debemos e non queremos vivir de costas ao noso río que representa un patrimonio cultural e humano de gran valor, que deben disfrutar as xeracións presentes e futuras nas mellores condicións de uso.

Por todo o exposto o grupo municipal de EU propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O goberno municipal iniciará de inmediato os trámites e actuacións necesarias ante Augas de Galicia co fin de elaborar un proxecto para o estudo e construción das zonas que poidan ser acondicionadas para o baño e espaxamento nas ribeiras do río Mero.

Segundo: Que en consonancia co punto anterior a Alcaldía, en nome da Corporación municipal de Cambre, inicie cantas xestións sexan pertinentes para acadar dos organismos competentes e demais entes supramunicipais, a súa colaboración para a elaboración e execución do mencionado proxecto.

Terceiro. Que de toda resposta ou actuación posterior que se produza en relación coa presente moción, o goberno municipal manteña puntualmente informado aos voceiros dos grupos municipais con representación no concello.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que se alegra moito de que o Sr. Taibo presentara esta moción, alégrase de corazón, porque el é o primeiro defensor deste asunto, o voceiro de EU sábeo, porque ademais o río Mero ía no seu programa electoral. El non comprende un pobo que vive de costas ao río, sobre todo polo que EU dixo, polo desaparecido muíño de Peiraio, onde el xogaba de novo.

Di que non é que vaian iniciar isto de inmediato, senón que este trámite con Augas de Galicia xa se iniciou nada máis tomar posesión do goberno de Cambre, e levan pelexando con iso dous anos.

Tampouco entende como Cambre deixou escapar a oportunidade cando tivo os fondos Feder para facer a modificación do río Mero, pero deixouse escapar naquel momento e el non é responsable diso. Non obstante, di que conste que o proxecto do que o Sr. voceiro de EU falou, xa se está elaborando.

Conclúe dicindo que por iso el se alegra moito, e dende logo vai votar a prol da moción presentada por EU.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que sinceramente agradece as palabras do Sr. alcalde en nome do seu grupo, e cre que en nome do conxunto da veciñanza de Cambre.

Claro está que cada un varre para a súa casa, e el tamén se bañou moitísimas veces no muíño de Peiraio, de verdade que era un lugar encantador e singular, pero tamén lle pode falar ao Sr. alcalde da ponte das Insuas. A ponte das Insuas para Cambre significa cultura, porque aí moitos rapaces e rapazas aprenderon a nadar, a xogar a pescar, a todo, pero el non vai especificar que se actúe nese lugar das Insuas, el fala de ao longo de todo o río, que se vexa o sitio máis adecuado para facer unhas zonas de baño e recreo que os cambreses e cambresas teñen ben merecido.

Di que o Sr. alcalde falaba, efectivamente, dos fondos Feder, e el tamén o pensou moitísimas veces, pero ás veces hai fondos Feder que non se poden investir en lugares que non son patrimonio municipal e, neste caso, as ribeiras do río Mero non é patrimonio municipal, é patrimonio de todo o mundo, pero correspóndelle a Augas de Galicia.

Conclúe dicindo que, feita esta aclaración, de verdade lle agradece ao Sr. alcalde a súa sinceridade e o apoio á moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, dálle a en hora boa a EU por traer esta moción. O seu grupo vai votar a prol, e querían facer unha petición ao Sr. alcalde, aproveitando que xa leva moito tempo facendo xestións, e tendo en conta que tamén el era usuario dese río, pois ben, aproveitando o que se di no punto terceiro da moción, pídelle que manteña puntualmente informados aos voceiros dos grupos municipais con representación neste concello.

Di que espera que o faga así, e espera tamén que, aproveitando que vai seguir facendo esas xestións, que chegue a acordos para o mantemento dos paseos do río Mero, porque lémbbralles que dos dous metros e medio, que en principio tiñan unhas cotas e podían desfrutar, agora hai sitios onde escasamente hai corenta centímetros para cruzarse dúas bicicletas ou dúas persoas.

Conclúe dicindo que agardan que aproveite esas reunións tamén para ver se poden chegar a acordos para isto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que el bañábase na curva, na entrada de Meixigo, porque se ían a Cela os recibían a pedradas, pero en fin, cousas.

Expón que este é un tema recorrente, aquí teñen vido mocións de diverso tipo e tense tratado esta cuestión de diversas maneiras, como rogos, como preguntas, el cre que incluso como puntos na orde do día, e entende que é algo que concita o apoio de todo o mundo.

Manifesta que dende o BNG o que din é que, ata onde eles saben, parte do problema radica en que este treito de río utilízase como un treito de captación de augas para consumo humano, o cal imposibilita, teoricamente, o baño nel. Esa é a información que eles teñen de hai uns anos, non saben se é certo ou se non. En tal caso, di que traen este parecer ao pleno e demandan, el cre que non habería ningún problema sendo un tema que debe ser solucionado pero non unha cuestión de extraordinaria urxencia, que haxa unha reunión dun representante de cada grupo da Corporación con xente de Augas ou de quen corresponda, para que un pouco, sen a rixidez dun pleno, poder poñer cuestións en común, tentar sacar máis información e dalgunha maneira facer un contraste de pareceres máis plural, para que o que se faga ou se poida demandar, chegue a bo porto.

Con todo, e antes de todo iso, di que hai outra cuestión. A Xunta, a través de Augas de Galicia, ten que rozar, ten que limpar, porque a entidade competente encargada de ter debidamente adecuadas as ribeiras do río Mero, non o fai. Non o fai esta Xunta e non o facía a anterior Xunta e segue sen facerse, e dalgunha maneira haberá que esixilo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que quere facer unha puntualización, xa que se dixo algo que normalmente din os detractores e os que non queren que o río Mero se utilice. El cre que é unha lenda urbana dicir que é un río de captación para augas de consumo humano. Pregunta onde está escrito iso, porque se se bañan na ponte das Insuas, ou se bañan en Cela, ou se bañan na Retorta, para iso está a depuradora na Telva.

Reitera que cre que é unha lenda urbana, e volve preguntar onde pon iso, cre que é algo que se inventou nalgunha ocasión, para paralizar algunha iniciativa. El pode falarlles de cantidade de ríos que captan auga para o consumo humano, onde hai praias fluviais.

Conclúe dicindo que el pensa que a defensa ten que ser a morte, por toda a Corporación, para conseguir algo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que eles deféndeno a morte, total e absolutamente. Explica que esa foi unha información que recibiron no seu momento dende Oviedo, cando aínda non estaba transferida esta materia á Confederación Miño-Sil, simplemente.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que iso, como dixo o Sr. Taibo, é unha lenda urbana. Se alguén se quere bañar no río pode facelo, ninguén o vai prohibir, o que si lle poden prohibir é pescar. O que pasa é que aquí fíxose o que se fixo nas zonas inundables do río, todos o saben, e por iso Augas de Galicia, nun determinado momento, decidiu facer unha motas no río, para que esas zonas non se inunden. De aí veu, non a prohibición, pero si o feito de que ao deixar que esas motas quedaran a campo libre, a vexetación lle impedira á xente bañarse e desfrutar do río.

Continúa dicindo que, dende logo, en calquera zona do río pode facerse unha zona de espaxamento, non hai ningún requisito anormal para bañarse no río, será en zonas onde non corran perigo nin as persoas maiores nin os rapaces.

Pero tamén di que non é fácil convencer á Confederación Hidrográfica Miño-Sil de todas estas cousas. En todo caso, quere que conste que el está poñendo todo o seu empeño para que lles limpen as beiras do río, e están confeccionando un pequeno proxecto para entregarlle a Augas de Galicia co fin de facer esas zonas de espaxamento no río. Loxicamente, antes de presentalo, presentarállelo a todos os grupos. Conclúe dicindo que se anticipa agora polo tema da moción, se non tería sido dentro duns meses, cando estea acabado ese esquema.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal do BNG pola garantía de emprego na planta de Nostián e a prol da reciclaxe no tratamento de residuos sólidos urbanos

Rexistrada de entrada ao núm. 12433 o día 18 de setembro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Para a xestión dos residuos sólidos urbanos (RSU), os concellos que formamos o Consorcio das Mariñas (Abegondo, Arteixo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Bergondo, Oleiros e Sada) xunto ao da Coruña, apostamos pola súa xestión na planta de compostaxe de Nostián, fronte ao sistema de incineración de Sogama.

No seu momento apostamos pola compostaxe como modalidade máis idónea para o tratamento, pero na actualidade a cidadanía está a cuestionar o modelo polas deficiencias na xestión que está a realizar a empresa concesionaria, Albada.

É necesario realizar unha avaliación rigorosa do que sucede na planta de Nostián xa que Albada é unha concesionaria que está a desangrar aos concellos e á cidadanía por un servizo ficticio, xa que segundo denuncia o comité de empresa en Nostián apenas se recicla unha porcentaxe pequena dos refugallos que entran na planta e non obstante recibe un canon multimillonario. En definitiva pensamos, como denuncia o comité de empresa que a pretensión da empresa é facer un cambio de modelo, converténdoa simplemente nunha planta de transferencia de residuos.

Non se recicla, o grupo empresarial dono da planta obtén grandes beneficios, Albada aumenta a facturación do canon do lixo no primeiro trimestre de 2013 en máis de 100000 euros respecto de 2012, pero a pesar desta situación a empresa despediu a 11 persoas e pretende recortar o salario dos traballadores un 25%, medida que iría acompañada dun aumento das horas de traballo.

O BNG reiteradamente denunciou todos os incumprimentos por parte da empresa, polo que pedimos que o goberno municipal non sexan cómplice de Albada á hora de empobrecer os traballadores do sector e á hora de saquear os petos da cidadanía ao cobrarlle un servizo que non se presta.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG de Cambre solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a cumprir as obrigas que marca a lexislación vixente en materia de residuos e a aprobar un Plan galego de residuos sólido urbanos, utilizando como base a política das tres R (redución, reutilización e reciclaxe).

Segundo: Que a Corporación amose o compromiso pola compostaxe como modalidade máis idónea para o tratamento dos RSU, e que o goberno municipal esixa da empresa concesionaria o cumprimento das súas obrigas para poder acadar as cotas de reciclaxe adecuadas, e que devolva á veciñanza o cobrado de xeito indebido como taxa do lixo por unha reciclaxe inexistente.

Terceiro: Que o goberno municipal se involucre na defensa dos dereitos laborais e do emprego en Nostián, así como solicitar á empresa garantía no emprego mantendo o número de traballadores existente antes de iniciarse o conflito.

Cuarto: Que o concello desconte a Albada o canon correspondente aos días de folga e inicie o proceso de rescisión do contrato se Albada non cumpre coas obrigas laborais e de axeitado tratamento dos residuos.

Quinto: Que a Corporación municipal amose a súa solidariedade e apoio á defensa dos dereitos laborais que están a levar a cabo os/as traballadores/as de Albada.”

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, tras dar lectura á moción presentada, engade que a el persoalmente cónstanlle tres persoas que traballan en Albada e que son veciños do Concello de Cambre. Isto viña sendo ata o de agora unha fonte de emprego de calidade, estable, e viña funcionando relativamente ben, e no que funcionaba mal non era, dende logo, por culpa dos traballadores.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo van apoiar a moción. Si lles gustaría engadir que a raíz da non lectura desta moción no último pleno, cre que o Consorcio volve a levar os residuos dos veciños de Cambre a esa planta, así que entenden que o Consorcio, que para iso Cambre está representado nel, ten que tomar parte nisto e gustaríalles que a maiores se lle dera traslado destas peticións que fan dende o BNG, para que o Consorcio tamén tome nota desta moción.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicir que lle gustaría aclarar unha cousa. No pleno pasado EU presentou unha moción moi similar, e el segue a dicir o mesmo, Cambre é membro do Consorcio e o que non pode facer é separarse del. Tamén lembra que o Consorcio xa non está pagando ese canon.

Respecto do apoio aos traballadores o que queiran, porque hai tres persoas de Cambre afectadas, cunha delas estivo o outro día en Bribes, todo o que queiran, pero dilles que o que non pode é tomar unha decisión dese tipo estando no Consorcio, ten que ser o Consorcio en pleno o que decida non pagar. Xa tiveron o pleno do Consorcio e a decisión que tomaron foi volver a levar o lixo a Nostián.

Di que hai un preito, todos o saben porque saíu na prensa, precisamente polo tema da reciclaxe, un preito que está na xustiza, xa se resolverá, pero el non pode decidir non pagar ao Consorcio a parte de Cambre correspondente á reciclaxe, para que o Consorcio non lle pague, á súa vez, a Albada. Dende o seu punto de vista, iso non o poden facer.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane manifesta que, por clarificar, a postura do seu grupo é darlle traslado ao Consorcio, para que o Consorcio analice a postura que se aproba nesta sesión plenaria, e que sexa o Consorcio o que decida o que ten que facer.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que isto modifica a moción, porque el o punto terceiro, que o goberno municipal se involucre na defensa dos dereitos laborais e do emprego en Nostián, así como solicitar á empresa garantía no emprego, parécelle moi ben. O quinto, que a Corporación municipal amose a súa solidariedade, dende logo que a ten. Pero que o concello desconte a Albada o canon correspondente aos días de folga e inicie o proceso de rescisión do contrato se Albada non cumpre, iso el non o pode levar a cabo, por moito que o inste o Sr. concelleiro, porque el con Albada non ten nada directamente. Ou modifican os puntos para votar a moción, ou votan sen ese punto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez di que poden redactar o punto cuarto poñendo que o Concello de Cambre dea traslado ao Consorcio do propósito de descontar a Albada o canon correspondente aos días de folga e, se Albada non cumpre, que inicie o proceso de rescisión.

O Sr. alcalde di que entón o punto cuarto da moción quedaría redactado dicindo “Que o Concello inste ao Consorcio das Mariñas a descontar a Albada o canon correspondente aos días de folga e inicie o proceso de rescisión do contrato se Albada non cumpre coas obrigas laborais e de axeitado tratamento dos residuos.”

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que este debate xa o tiveron hai unhas tres semanas e, unicamente por clarificar, di que hai unha moción aprobada, que como o Sr. alcalde indicaba trouxera EU, e no primeiro dos acordos desa moción, que tamén o Sr. alcalde lles instaba a modificar por ese motivo, finalmente non se modificou. Nese punto indicábase que o Pleno do Concello de Cambre instaba ao goberno municipal a non pagar o canon por tratamento de refugallos durante os días da folga, pola incapacidade da concesionaria Albada para desenvolver un nivel mínimo aceptable de reciclaxe de refugallos. Di que ela entende, neste caso, que o alcalde tomou a decisión.

O Sr. alcalde contesta que el trasladoullo ao Consorcio, que é quen lle paga á empresa.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se llo trasladou ao Consorcio na reunión do pleno que tiveron.

O Sr. alcalde responde que respecto da aprobación da moción o outro día, se ben o PP se abstivo na votación, el como o Pleno é plenipotenciario, o que fixo foi trasladar o acordo ao Consorcio As Mariñas, que é a quen paga o Concello de Cambre. O Consorcio fará o que corresponda con Albada, o que queira facer.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se tiveron resposta.

O Sr. alcalde contesta que non, que el non ten resposta a iso.

Dona M^a Olga Santos López conclúe dicindo que, evidentemente, van apoiar a moción presentada polo BNG.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane manifesta que, ao fío dasas declaracións que fixo o Sr. alcalde, gustaríalle saber se foi el o representante do Concello de Cambre nesa reunión, e cal foi a postura do Concello de Cambre nela.

O Sr. alcalde contesta que el é o representante do Concello de Cambre no pleno do Consorcio das Mariñas. Esa moción é algo que trataron na maioría dos concellos, o único que a aprobou por maioría foi o Concello de Cambre, el trasladoullo ao Consorcio das Mariñas. Pregúntalle o Sr. concelleiro cal vai ser a súa postura, e dille que se el lle descontara ao Consorcio das Mariñas esa parte, se fixera iso, o resto dos alcaldes riríanse do alcalde de Cambre.

Don José Manuel Lemos Seoane di que o que a eles lles gustaría saber é cal foi a súa postura no debate.

O Sr. alcalde contesta que no pleno do Consorcio sobre ese punto non houbo debate. Os distintos alcaldes trasladaron o asunto, como os Concellos de Culleredo e Sada, onde tamén lles presentaran esa moción, pero nos que non se chegou a aprobar. Di que só o Concello de Cambre foi o que a aprobou.

Don José Manuel Lemos Seoane pregunta se ese punto se votou na reunión do Consorcio e cal foi o resultado.

O Sr. alcalde contesta que naturalmente, como se votan todos os puntos, igual que neste pleno. O resultado foi desfavorable, por suposto. Xa o dixo dende o principio, o Consorcio ten un preito xudicial con Albada, xa non lle está pagando a reciclaxe mentres non cheguen á resolución dese preito. El, por moito que inste a descontar a partida que corresponde á reciclaxe, ao Consorcio dálle exactamente igual, e vaille dicir que está louco, que xa non lle está pagando nada á empresa. Pregunta para que lle vai separar el esa porcentaxe que, ademais, non sabe cal é, porque non figura separada no canon do lixo.

Conclúe dicindo que se quere, tráelle a acta.

Don José Manuel Lemos Seoane di que a súa pregunta era clara, gustaríalle saber cal foi o seu voto.

O Sr. alcalde contesta que o seu voto foi o que levaba na moción que foi aprobada.

Don José Manuel Lemos Seoane di que entende que votou a prol.

O Sr. alcalde di que votou a prol, por suposto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que quere facer unha pequena puntualización respecto destes temas. Di que están preguntando con bastante asiduidade por diversos asuntos que se tratan no Consorcio das Mariñas, e o Sr. alcalde agora mesmo acaba de dicirlle a outro concelleiro que se quere que lle trae a acta, pero non é se quere, é que o Sr. alcalde ten a obriga de traerlles as actas do Consorcio.

O Sr. alcalde di que o sabe e pregúntalle se non llelas están pasando.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que non lles están pasando nada, e por iso non lle pode dicir ao compañeiro do partido socialista que se quere lle dá a acta, non, o que ten é a obriga de pasarlles toda a documentación, e non o está facendo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación do punto cuarto tal e como foi transcrito, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PdeC integrante do GM, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do PGD, integrante do GM.

Concluído o debate e logo da votación coa modificación do apartado cuarto dos acordos, a Corporación, por doce votos a prol, acordou aprobar a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a cumprir as obrigas que marca a lexislación vixente en materia de residuos e a aprobar un Plan galego de residuos sólido urbanos, utilizando como base a política das tres R (redución, reutilización e reciclaxe).

Segundo: Que a Corporación amose o compromiso pola compostaxe como modalidade máis idónea para o tratamento dos RSU, e que o goberno municipal esixa da empresa concesionaria o cumprimento das súas obrigas para poder acadar as cotas de reciclaxe adecuadas, e que devolva á veciñanza o cobrado de xeito indebido como taxa do lixo por unha reciclaxe inexistente.

Terceiro: Que o goberno municipal se involucre na defensa dos dereitos laborais e do emprego en Nostión, así como solicitar á empresa garantía no emprego mantendo o número de traballadores existente antes de iniciarse o conflito.

Cuarto: Que o Concello inste ao Consorcio das Mariñas a descontar a Albada o canon correspondente aos días de folga e inicie o proceso de rescisión do contrato se Albada non cumpre coas obrigas laborais e de axeitado tratamento dos residuos.

Quinto: Que a Corporación municipal amose a súa solidariedade e apoio á defensa dos dereitos laborais que están a levar a cabo os/as traballadores/as de Albada.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

E) Moción do grupo municipal do BNG relativa ás reclamacións que está a realizar a Axencia Tributaria aos veciños que cobran pensións noutros países

Rexistrada de entrada ao núm. 12434 o día 18 de setembro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Cambre padeceu unha emigración brutal en boa parte do século XX. Miles de veciños de Cambre ao igual que outros galegos/as emigraron a moitos países para procurar un mellor medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós/as para poder ter un traballo e un futuro.

Moitos emigrantes retornados a Galicia son beneficiarios de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións do estranxeiro, coa finalidade de regularizar ou no seu caso formular a declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008.

Estes requirimentos, que tamén indican a obriga de realizar esta actualización en relación cos exercicios 2009, 2010 e 2011, están afectando a persoas pensionistas retornadas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declarar as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia no feito de que os estados pagadores nunca lles expediron ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posible sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían.

A cuestión é máis grave cando os evasores fiscais se benefician das amnistías, polo que constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores/as emigrantes retornados.

Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente aos pensionistas afectados das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoable e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e polo tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Cambre, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Manifestar o apoio desta Corporación municipal aos veciños/as beneficiarios de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación de Axencia Tributaria.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a establecer mecanismos de colaboración co Concello de Cambre para a prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisen.

Terceiro: Demandar do Goberno do Estado que anule todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Tributaria a persoas beneficiarias de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

Cuarto: A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.”

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, tras dar lectura á moción presentada polo seu grupo, manifesta que este é un tema que afecta a moita xente, a moitos veciños de Cambre, el quedou sorprendido da cantidade de xente que está afectada e, de verdade, a el como cidadán e como representante do BNG, o que máis lle doe é que sempre se vai a polos máis débiles.

Di que están falando dun colectivo de xente de avanzada idade, incluso en moitos casos con poucos coñecementos sobre estes particulares, e eles o que reclaman é que con esta xente, que se deslombou a traballar tanto aquí como no estranxeiro, que colaborou activamente no Estado do benestar que existe a día de hoxe, non teñan que sufrir agora esta penalidade e este roubo, porque non ten outro nome, o que se fai con eles é un roubo tan grande como o das preferentes.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster, pero vai facelo non sen dicir que comparten en gran medida moitas das cousas que se din na moción. Di que o problema desta moción é que a ven demasiado xeneralizada, cando este é un problema en moitos casos individual, moi particular. Hai situacións como as que o Sr. concelleiro dixo, e hai outras que son todo o contrario.

Por iso, trátase de tomar postura nunha cuestión que está totalmente xeneralizada, cando realmente é unha cuestión moi particular, xa que afecta a cada un dos veciños, porque aínda que afecte a moitos cada caso é individual e moi distinto, e o di porque ten coñecemento directo de moitos dos casos. Polo tanto, conclúe dicindo que se van abster por prudencia.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, de forma coherente coas actuacións que ten realizado o partido socialista, tanto no Parlamento español como no Parlamento de Galicia, e nese sentido manifestan o seu apoio á moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta o voto favorable do seu grupo á moción do BNG.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PdeC integrante do GM, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do PGD, integrante do GM.

A Corporación, por doce votos a prol, acordou aprobar a moción, tal e como quedou transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1319, de data 9 de setembro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Ríos Rama dende o día 9 ao 22 de setembro de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1326, de data 11 de setembro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Marta María Vázquez Golpe dende o día 9 de setembro de 2013 ata a súa incorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas pola Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do informe da Intervención municipal, de data 20 de setembro de 2013, sobre a remisión da información relativa á execución dos orzamentos correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2013 (Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira), que foi enviada o día 02/09/2013, por vía telemática e con sinatura dixital, a través da plataforma habilitada para o efecto na Oficina virtual de coordinación financeira das entidades locais.

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12642 o día 21 de setembro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Fronte ao colexio Portofaro conflúen as rúas Travesía da Coutelana, do Temple e Paseo dos Templarios. Este cruzamento resulta de moito perigo para os peóns en xeral, e máis en concreto para pais e nenos que acoden ao mencionado centro educativo. De feito nas horas de entrada e saída do horario escolar a circulación de

vehículos e peóns ten que ser dirixida por medio de axentes da policía local para evitar accidentes.

Por todo iso, solicitamos se reclame da Deputación Provincial, entidade titular da estrada CP-1706, a adopción no citado cruzamento das medidas de seguridade viaria pertinentes, tales como a instalación dunha rede semafórica ou a construción dunha rotonda, que aseguren do mellor xeito a seguridade dos peóns que por alí transitan.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que en principio entenden que, efectivamente, é un cruzamento perigoso, sobre todo cando entran e saen os alumnos do centro. El cre que a mellor maneira que teñen de poder resolver ese problema que hai alí neses 10 ou 15 minutos é precisamente cos axentes municipais, que se encargan de mover a circulación. Entende que se solicitan uns semáforos, iso colapsaría totalmente a circulación.

En canto ao tema da rotonda, di que no Plan de mobilidade estaba previsto a instalación dunha rotonda, polo que agarda que a poñan cando se fagan esas obras.

Continúa dicindo que poden solicitarlle á Deputación o que queiran, pero cre que o máis áxil para que circulen os coches e que poidan pasar os peóns con seguridade é dirixir o tráfico nesas horas cos axentes. Poden ver como no Paraugas en horas punta se montan uns colapsos tremendos, agás que estean os gardas municipais dirixindo o tráfico, e saltándose o semáforo, porque senón é imposible.

Reitera que se poñen aí uns semáforos, nas horas punta sería unha atrocidade. En todo caso, di que esa é a súa opinión, así que se queren que lle fagan á Deputación unha solicitude, poden facelo, non hai ningún problema.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que a pesar de que o rogo se refire á entrada e saída no horario escolar, se coñece o cruzamento sabe que é un cruzamento de acceso perigoso, sobre todo a incorporación á vía dende a travesía da Coutelana é bastante perigosa.

É certo que o maior nivel de perigo prodúcese en horas de saída e entrada do colexio, pero para iso si que hai axentes da Policía. É no resto do horario cando non hai, e a incorporación segue sendo perigosa, por iso insiste en que non estaría de máis facer algo, e dado que está previsto no Plan de mobilidade, solicitar e axilizar no posible a instalación da rotonda, que é a opción que eles prefiren.

2º Os vehículos que dende a rúa Álvaro Cunqueiro intentan acceder á rúa Tapia, no lateral da tenda Opencor, teñen moitos problemas para incorporarse á circulación deste último vial, toda vez que é moi frecuente que nesta esquina estean parados camións ou furgonetas que impiden a visibilidade dos vehículos que veñen da glorieta do Seixal.

Por todo iso, solicitamos se adopten as medidas oportunas (instalación de espello, sinal de prohibición de aparcar, etc.) para evitar esta situación de perigo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que si, que van estudar o tema para ver que poden poñer aí, o máis probable é que sexa un espello, pero vai velo a Policía.

3º Nos primeiros días do presente mes fixéronse traballos de reforma e mantemento da escola infantil de Apeadeiro, Cecebre, tales como a instalación dunha porta de emerxencias, así como corte parcial da maleza do entorno e recheo de “*garbancillo*” na zona exterior de xogos. Pois ben, os traballos realizados resultaron incompletos e insuficientes: a maleza existente non se cortou na súa totalidade; o “*garbancillo*” botouse só nunha pequena parte do patio exterior, resultando que noutras zonas non cubre o solo de terra onde xogan os nenos; e por último, a porta de emerxencia quedou sen rematar.

Por todo iso, solicitamos se dean as ordes oportunas para concluír adecuadamente os traballos efectuados, corrixindo as deficiencias antes sinaladas.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, manifesta que durante o verán, nos meses de xullo e agosto, é cando se acometen todas as obras nos colexios, este ano houbo reformas en case todos, investíronse case 40000 euros en todas as reformas.

No que respecta á reforma da escola infantil de Apeadeiro, non se puido facer no mes de agosto como o resto das obras, porque a empresa que tiña que poñer a porta estivo pechada durante o mes de agosto, e tivo que facelo a primeiros de setembro. Cando agora o grupo socialista fala da reforma que estaba sen acabar, é que a obra estaba aínda sen recepcionar polos técnicos municipais, porque faltaba a moldura interior da porta. Explica que esa moldura non había forma de igualala co resto de molduras e os técnicos tiveron que decidir sobre o terreo que moldura se poñía. A día de hoxe a moldura xa está posta.

Respecto da obra da porta tamén falta a rampla de acceso, que xa está encargada, e falta que a vaian colocar. En todo caso, non impide a actividade normal da escola.

Respecto da grava e da maleza, pasaron por alí a cortar a maleza e botar grava. Cando ela persoalmente foi a todos os colexios a facer a visita, comprobou in situ que a grava era insuficiente, dende alí, nese mesmo momento, e diante da profesora, chamou á brigada para que repuxeran máis grans de pedra. No momento en que puideron facelo, fixérono, onte ou antonte, que foi cando puideron, porque houbo persoal de vacacións e demais.

A maleza xa se cortou, se á profesora lle parece insuficiente xa lle dixeron que cando fora o persoal da brigada que lles indicara que era o que quería cortar. Ela cre que a brigada cortou o que pasaba dentro da escola, pero se quere que corten máis, no momento en que estea alí a brigada pode dicirllo e a brigada sen ningún problema o pode facer. Di que así llo comunicaron á profesora e non houbo máis problemas, xa case todo está solucionado.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que por parte do seu grupo agradecen a prontitude en tratar de solucionar eses problemas que

eles tamén detectaron no percorrido que fixeron por distintos centros, así se lles fixo chegar e manifestóuselles.

Di que si que lle gustaría que neste rogo se tivera en conta, en concreto neste centro, cando se trouxo a solicitude da porta de emerxencia. O seu grupo agradece a súa instalación por parte da Concellería de Educación, porque cando trouxeron esta proposta como iniciativa nun pleno anterior, foi porque crían que era algo necesario. Tamén trouxeron un par de cuestións máis, como era a proposta de tratar de cubrir o patio lateral dereito, que entenden, visto outra vez sobre o terreo, que é unha obra cun custo ínfimo, pero que sería moi beneficiosa para os nenos desta escola, agora e no futuro. Por iso, agradeceríanlle que contemplase esa proposta e se pode ser tratar de solucionalo.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que respecto desa proposta, xa os técnicos municipais fixeron un pequeno plano de paso que foron ver o tema da obra da porta. Xa máis ou menos sabe o que queren poñer e, en canto se poida, está previsto facelo, aínda que non sexa agora mesmo, xa que leva o orzamento bastante axustado.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12631 o día 21 de setembro de 2013.

1º O documento de modificación do plan parcial do Espírito Santo quedou paralizado no seu proceso de tramitación debido a unha moción presentada por UxC, avalada polo conxunto da oposición, onde se expoñía que a tramitación deste documento non se axustaba á legalidade vixente. Sobre este asunto realizouse unha petición ante a Xunta, tanto por parte do concello como por parte de UxC. A contestación da Xunta resulta contundente: “En ningún caso a lei outorga competencia a un concello para tramitar e aprobar a ordenación urbanística doutro termo municipal.” Esta contestación pon ao descuberto que a razón para concluír o expediente non é a que se di no informe do xefe da área do 24 de xaneiro do 2013, senón que o alcalde de Cambre deu trámite a un expediente sobre o que non tiña competencias. Nunca se debeu empezar este procedemento. Dubidamos de se este alcalde é consciente de que esta, xa habitual, forma de actuar mediante o desprezo ante calquera proposta da oposición, supón: ao propietario, ao equipo de goberno, aos funcionarios e para a oposición, unha perda de tempo, de confianza e de enerxías que lle pedimos cuantifique en valor económico e verá que non é pouca cousa. Esta experiencia do que obtivo un non rotundo dunha administración amiga, como é a Xunta, debería facelo reflexionar, aínda que nós dubidamos de que a estas alturas sexa capaz diso.

Polo dito solicitamos: Que peche definitivamente a tramitación da modificación puntual do plan parcial do polígono industrial do Espírito Santo, tendo como causa o informe da Xunta de Galicia, e nos informe do procedemento adoptado para a resolución.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que este expediente vaise pechar definitivamente, e se non se pechou ata o de agora é porque mediou entre medias o verán e algúns dos técnicos estiveron de vacacións. O que si lle pode dicir é que os particulares que iniciaron este expediente teñen presentado o seu desistimento, co cal a administración vai aceptar de plano ese desistimento e

declarará concluído o procedemento. Pode dicirlle que, como moito, ao mellor en 15 días cumprírase con isto.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece a resposta, pero sinala que, de todas formas, isto vén xa dende xaneiro do 2013 e o seu grupo xa o dixo no pleno do mes de decembro, onde ademais, toda a oposición estivo de acordo coa postura de UxC na moción presentada. Foron eles os que aconsellaron ao goberno municipal que pedira a documentación á Xunta para saber se era competencia ou non do concello seguir adiante con ese procedemento. O que quere dicir é que non é de recibo que funcionarios estean traballando, tempo e tempo, nun expediente que nunca debeu iniciarse.

Roga que non volva ocorrer isto, que se aseguren moito, e que non dean o prazo de dicir “iniciábase tal expediente pero se vostedes non achegan o 50% do solo, este expediente quedará sen efecto”, porque ao final o tempo de todos os funcionarios é tempo perdido. Rógalles que, antes de iniciar este tipo de expedientes, miren moito se son ou non competencia do goberno municipal.

2º Solicitamos se nos informe do estado do proxecto das beirarrúas de Cambre a Brexo-Lema.

O Sr. alcalde contesta que o proxecto está licitado e está contratado.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, explica que o que quer saber é cando se vai facer, iso é o que máis lle importa, a ela e a todos.

O Sr. alcalde contesta que a obra que se vai facer das beirarrúas entre A Patiña e Brexo-Lema, supón que comezará nos vindeiros oito ou dez días. El estivo a semana pasada percorrendo toda esa estrada, ata Sta. Mª de Vigo, as dúas obras deberían ter empezado xuntas, pero unha empresa foi máis rápida que outra, en Sta. Mª de Vigo xa están iniciadas as sendas peonís, xa están coa obra, e en Brexo-Lema, segundo o coordinador da Deputación que foi con el, nos vindeiros oito ou dez días comezará, máis ou menos. O coordinador non lle quixo asegurar o día, pero a obra xa debería estar en marcha.

3º O pasado mes de xaneiro de 2013 o grupo municipal de UniónxCambre deixou sobre a mesa unha moción relativa á modificación puntual das Normas subsidiarias en vigor para a ampliación do chan no polígono industrial do Espírito Santo. O motivo desta decisión foi pola urxencia que tiña unha empresa para implantarse en Cambre e xerar ao redor de 200 postos de traballo. En que situación se encontra este proxecto?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que nestes momentos están pendentes de que presenten unha documentación que foi requirida polo arquitecto municipal.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta que tipo de documentación.

Dona Rocío Vila Díaz responde que o arquitecto pediulles que recolleran nos planos unha nova vía que eles non presentaban, co fin de dar un maior servizo a todo o ámbito. Eles recollían a unión entre o que é vía Ártabra e a estrada da Deputación, e o arquitecto esixía que presentasen unha en paralelo, pero cara ao outro extremo do ámbito, para que quedase todo un pouco mellor conectado.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta se a Sra. concelleira dixo vía Ártabra.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que si, nese momento estaba recollida así.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que, entón, igual que recolle a empresa que está executando a redacción do Plan xeral.

Rogos de EU presentados por escrito

Antes de dar lectura aos rogos presentados polo seu grupo, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que quixera facer unha pequena aclaración respecto dos rogos que presentan. Di que segundo o Regulamento orgánico municipal está permitido presentar tres rogos, como eles así fixeron, pero por respecto aos veciños de Cambre que están hoxe aquí presentes, que están reivindicando os seus dereitos, el solicita permiso para eliminar o primeiro rogo presentado, co fin de que o Sr. alcalde explique aos veciños que están presentes, afectados polo cambio de denominación da súa toponimia, que lles explique sinxelamente o que lle explicou a el antonte nas comisións informativas, nada máis.

Di que o solicita, se ten a ben o Sr. alcalde, co fin de informar aos veciños sobre as conclusións, sobre as respostas e sobre as consultas que se fixeron con Estatística, o que explicou nas comisións informativas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non ten que retirar ningún rogo da orde do día. Di que non sabe se foi hoxe ou onte, fixou unha cita con todos os veciños do Drozo para explicarlles persoalmente o que lles contestaron verbalmente do INE. É unha reunión xa fixada para o vindeiro mércores, iso é o que lle pode dicir. É algo que prefire explicarlles a eles, que son os directamente afectados, e non explicalo nun pleno onde o rogo non vén feito.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que de acordo, pero que o Sr. alcalde sabe que eles teñen a potestade de facer un rogo verbal e o Sr. alcalde tamén ten a decisión de contestalo ou non. Evidentemente vai ter unha reunión cos veciños de Cambre afectados directamente, pero tamén quere dicirlle que hai moitos veciños de Cambre que están aquí, que non son afectados directamente, pero que si o son indirectamente, porque todos son veciños de Cambre, e a todos lles interesa.

O Sr. alcalde manifesta que el non ten ningún problema en contestar, aínda que isto quizais o puidera explicar mellor o concelleiro que tivo máis contacto cos primeiros pasos que se deron. Polo que el sabe ao concello comunicáronlle de Censo electoral que ao tratarse dunha zona que medrou máis dos 2000 habitantes, hai que dividila en dúas partes. A liña divisoria desas dúas zonas, loxicamente, é a estrada.

Engade que non quere equivocarse, porque non ten os papeis diante, e ao mellor di algo que non é, e o Sr. Taibo o día de mañá recriminarallo porque aparece nunha acta. Di que quere que quede constancia diso, porque volve dicir que ao mellor di algo incorrecto por non ter os papeis diante, recóllese na acta e despois dinlle que el dixo tal cousa, reitera que pode equivocarse por non ter os papeis diante.

Continúa explicando que hai que dividir esas dúas zonas, a liña divisoria orixinal é a estrada que vai a Guísamo. No concello fíxose unha proposta que coñeceron todos os voceiros dos grupos municipais, e cada un traía a súa proposta, a proposta que traía o grupo de goberno era poñerlle o nome de Ctra. Cambre a Pravio. Había que poñerlle un nome e iso significaba, loxicamente, o cambio do número de policía dos que están á beira da estrada. Pero di que iso non supón que desaparezan os lugares As Pereiras, Freande e O Drozo, non desaparecen como tales, soamente as casas que están á beira da estrada teñen un novo número de policía nesa Ctra. Cambre a Pravio.

El xa dixo que se había algunha outra proposta que a puxeran enriba da mesa, pero a proposta que quedou en principio na xunta de voceiros, foi esa. Aos poucos días o Sr. Taibo veu cos veciños da zona a falar con el, para dicirlle que iso había que frealo, había que facer unha consulta ao Instituto Nacional de Estatística, que iso non podía ser, que había que manter os nomes.

Di que el non pode dividir a vía, iso explicaríallelo mellor a funcionaria encargada, por iso vai invitala a que estea presente o día que teñan a reunión, para que o explique, porque o fai bastante mellor que el e está máis posta no tema, pero o que non pode é poñer nun treito O Drozo, noutro Freande e noutro As Pereiras, iso non se pode facer, ten que ser unha vía continua. Pídelles que tomen a decisión que queiran, que lle poñan o nome que queiran, a el dálle igual, pero outra cousa non se pode facer.

Por outra parte, el non ten por escrito a resposta á consulta que fixo, pero iso é o que sabe ata o día de hoxe, e sabe que a reunión terana o mércores, daranlles a explicación aos veciños coa funcionaria que estivo en contacto co INE, etc.

Conclúe dicindo que iso é o que lles pode explicar neste momento.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradécelle a información ao Sr. alcalde e dille que iso de que se se equivoca e consta en acta, eles llo van reprochar, pide que teña en conta que ese non é o talante do grupo municipal de EU. Neste caso é unha petición que lle fixeron e quédase co último que lles contestou, que haberá que agardar a que conteste Estatística antes de tomar ningún tipo de determinación, porque o Sr. alcalde xa está dicindo que non se pode. Dille que van esperar a que conteste Estatística por escrito, e logo xa se informará aos veciños do que realmente se pode ou non se pode facer. Iso foi o que o Sr. alcalde dixo antonte nas comisións, que ían ser prudentes e agardar, díxoo así, e de momento está paralizado.

A continuación o voceiro de EU solicita que se lle conteste a un rogo que fixo no mes de xullo. Dixéronlles que ía ser contestado no mes de agosto, e aínda están esperando pola resposta. Di que os rogos que quedan pendentes nun pleno, contéstanse no seguinte. É un rogo que fixeron en relación cuns problemas que había

no campo de chave de Meixigo, nas instalacións deportivo-culturais, que quedou de contestar o responsable, o Sr. Caride.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes. Xuventude e Voluntariado, explica que debeu ser no pleno ao que non puido asistir. Agora mesmo non ten constancia dese rogo, e acaba de ter coñecemento de que está pendente. Daralles a resposta por escrito, ou no seguinte pleno, sen ningún tipo de problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que este rogo non vén do pleno no que o Sr. Caride non assistiu. No pleno no que non assistiu quedou enriba da mesa, reiterado xa por segunda vez porque o Sr. concelleiro non estaba, pero este rogo xa foi feito no mes de febreiro do 2013, e o Sr. Caride contestara que ía poñelo en coñecemento da brigada de obras. No pleno de xullo EU preguntáballo novamente pola situación, pero o Sr. concelleiro non estaba nese pleno e por iso agora lle pregunta outra vez en que situación se atopa a pregunta que fixeron.

Di que para darlle unha pista vaille facer a pregunta outra vez, para ver se se centra un pouco. O rogo di o seguinte:

“O noso grupo ten denunciado as deficiencias existentes nas instalacións deportivo-culturais de Meixigo e as consecuencias negativas para realizar as actividades nas mellores condicións de seguridade. Transcorridos varios meses non temos coñecemento da adopción de medidas para dar solución ao problema.

Pregamos nos informen da situación respecto do problema.”

Explica que aí foi cando o Sr. Caride lles informou que ía poñer iso en coñecemento da brigada de obras e que xa lles informaría. Como non se lles informou foi polo que lle preguntaron de novo no mes de xullo, se agora o Sr. concelleiro lle segue dicindo que non coñece o tema....

Don Fernando Caride Suárez manifesta que non lle di que non coñeza o tema, o que lle está dicindo é que moi probablemente en febreiro lle deron traslado ao departamento de Obras, pero agora mesmo non ten ese dato enriba da mesa, porque non tiña constancia de que se reiterara no mes de xullo. Se hai constancia dese traslado a Obras, el farállelo chegar sen ningún tipo de problema, e se o Sr. Taibo lle di que as obras, a pesar diso, non se realizaron, tomará as medidas oportunas, que non teña nin a menor dúbida.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, como dixo antes, non se realizaron. El tivo a molestia de pasar por alí e comprobar que non se realizaron, e están falando dende o mes de febreiro.

Dille ao Sr. Caride que parece ser que non lle preocupan as condicións nas que celebran as actividades os veciños de Meixigo, e tampouco lle deben preocupar moito os propios veciños, porque se non lle preocupa como se celebran as actividades, é que tampouco lle preocupan os veciños. Di que están falando de hai moitísimo tempo, o tempo suficiente como para que o Sr. concelleiro tivera executado as reparacións a través da brigada de obras, ou no peor dos casos ter contestado a este problema.

A continuación, dáse lectura aos rogos presentados por EU, rexistrados de entrada ao núm. 12645 o día 21 de setembro de 2013, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º O noso grupo municipal presentou no ano 2008 unha moción para adaptación de parques de recreo para actividades de persoas maiores. Os parques de maiores son equipamentos adaptados que unen a posibilidade de realizar exercicio saudable dunha forma entretida, coa creación de espazos que facilitan a relación persoal e social entre os maiores. Estes espazos públicos están formados por unha serie de elementos modulares adaptados para o seu uso ao aire libre.

Na actualidade en varios lugares do concello instaláronse parques adaptados para as persoas maiores, con aparellos que posibilitan a realización de exercicio físico cun claro carácter terapéutico, baseados nos exercicios de rehabilitación que empregan os fisioterapeutas para mellorar a forma física e a saúde das persoas.

Na capital municipal carecemos de lugares coas ditas características. Tendo en conta que corresponde á Corporación e a súa vez ao grupo de goberno, buscar alternativas de lecer para os nosos maiores, que sexan á vez un elemento favorable para a súa saúde:

Pregamos se realice un estudo para o acondicionamento dun espazo para a instalación do mencionado parque, co fin de evitar desprazamentos a outros lugares e facilitar a actividade.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que están de acordo coa proposta que fai o grupo de EU. Tomarán nota do rogo e daranlle traslado da información cando a teñan.

2º Recentemente producíronse diversos roubos e actos vandálicos no cemiterio municipal de Cambre. A porta de acceso ao recinto permanece aberta permanentemente, facilitando a entrada en horario nocturno. Tendo en conta estes feitos, e co fin de evitar (no posible) que se volvan repetir, o noso grupo prega:

Se tomen as medidas necesarias de vixilancia e pechen o recinto en horario nocturno, indicando cun cartel visible na entrada os horarios de apertura e peche.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que algo que non recolle o rogo é que precisamente o outro día chamárono para comentarlle que a porta estaba pechada e a porta non estaba pechada, o que pasaba é que debe inchar o material e non abre, hai que suxeitar por un lado e empuxar polo outro. Di que deberían comprobar iso e reparar a porta.

3º O acceso á estrada preto da igrexa dende o Campo da Feira presenta dificultades para a incorporación dos vehículos co risco na seguridade motivado na falta de visibilidade.

O noso grupo prega se instale un espello que permita observar a proximidade de vehículos para facilitar aos condutores a súa incorporación á estrada, e se faga un estudo para regular a entrada e saída da circulación do Campo da Feira.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que un espello aí non é posible poñelo, porque vense os coches cando xa están enriba, ou sexa, é imposible, incluso poñéndoo doutro lado na beirarrúa que está onde a igrexa é imposible. Estiveron probando e mirando, pero os coches vense a vinte metros nada máis do cruzamento.

Di que van estudalo con máis profundidade, pero cren que a posible solución é obrigar a saír os coches o máis posible contra a beirarrúa que está por diante do concello, de xeito que saian desviándose cara aquí, que poidan xirar para o outro lado tamén, pero non que se metan pegados ao murete que hai contra as árbores, porque non se ve nada.

Conclúe dicindo que seguramente haberá que pintar no solo os sinais, iso están valorándoo, pero o do espello estiveron a miralo e sería enganar ao condutor, que ao mellor ve un coche lonxe pero está ao lado, por culpa das árbores que non dan suficiente visibilidade.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que se dá conta de que o Sr. concelleiro coñece perfectamente o problema, pero dille que imposible non é, ao mellor é inviable, pero imposible, non.

Iso respecto do espello, pero o que se solicita é que se establezan medidas de seguridade. Por exemplo, cando fala da remodelación do tráfico no Campo da Feira, cre que todos se dan conta de que cando se sae por aí hai xente que vén da estrada de Sigrás e accede ao Campo da Feira por esa entrada, e hai momentos nos que queda un coche fronte a outro. Cre que iso si é posible regulalo, ao mellor prohibindo o acceso directo por aí.

Don Manuel Marante Gómez contesta que iso pode ser.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que son os técnicos os que teñen que determinar o que se ten que facer, el, como non é técnico, expón o problema para que lle dean unha solución.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 12642 o día 21 de setembro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Gas Natural-Fenosa vén realizando no noso concello, nos últimos tempos, traballos de limpeza e mantemento das liñas de alta tensión da súa titularidade. Estes traballos consisten na poda de pólas e recorte da vexetación do contorno dos seus postes e cableado. O certo é que, unha vez feitos estes labores, non recollen e retiran, como é

obrigado, os restos, deixándoos tirados por camiños e terreos, infrinxindo as ordenanzas municipais en canto á limpeza e decoro.

Por todo isto este grupo pregunta:

Que medidas se teñen adoptado, ou se pensan adoptar, para esixir de Gas Natural-Fenosa o cumprimento das súas obrigas en canto á retirada dos restos que teñen xerado os mencionados traballos de mantemento?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que se lle vai requirir por escrito a Gas Natural-Fenosa para que recollan os restos.

2ª Na rúa Tapia antes de chegar á rotonda da rúa Estanque, existe unha sinalización horizontal e vertical de prohibido o estacionamento excepto carga e descarga, situada ao carón de onde se situaban as oficinas da empresa de transportes MRW. Tendo en conta as necesidades de prazas de aparcamento na zona e que a citada empresa xa non está nese lugar, este grupo pregunta:

Cales son as razóns de que se manteña a día de hoxe a sinalización de carga e descarga neste lugar?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que en principio eles entenden que cando hai unha sinalización de carga e descarga nunha rúa, é unha carga e descarga para a zona, non é para unha empresa. Unha empresa, cando teña que descargar os seus vehículos, terá que metelos na súa nave, ou o que sexa. Reitera que eles entenden que a sinalización é para a zona.

En todo caso, se ven que non se está utilizando ou está infrautilizada, daránlle orde á Policía para que lles informe sobre se a recuperan para aparcamento público.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que precisamente se trata de ver a necesidade de seguir mantendo esas prazas aí, porque se poden xerar dúas ou tres prazas para aparcar os vehículos normais, e son importantes tamén. O que el non sabe é se en realidade os establecementos próximos a onde estaba MRW necesitan esa zona de carga e descarga, e iso é o que haberá que estudar.

3ª Na nova Casa da Cultura de Vila Concepción vén funcionando un servizo de cesión de libros para ler dentro das propias instalacións. Veciños do Temple que acoden a este servizo despois da súa xornada de traballo, en horario de tarde, demandan a posibilidade de que a cesión de libros se efectúe coa posibilidade de que estes poidan ser levados fóra da citada instalación, co fin de continuar a súa lectura.

Por todo iso este grupo pregunta:

Tense pensado habilitar en Vila Concepción un servizo de préstamo de libros destas características?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que o servizo que teñen na Casa da Cultura actualmente é de consulta e para estudo. Para

que poida existir o servizo de préstamo necesitan un bibliotecario ou unha bibliotecaria, e como saben agora mesmo non se pode contratar a ningún. O único que teñen alí é un conserxe, que a pesar de ter moi boa vontade, o que é o servizo de préstamo non pode realizalo, porque non entra nas súas funcións. No momento en que se poida contratar un bibliotecario, entón mandarán á Xunta unha petición para que inclúa a Casa da Cultura na rede de bibliotecas.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que quere entender que hai vontade do goberno para instaurar ese servizo.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que no momento no que se poida contratar unha persoa para realizar esas funcións, si.

Don Jesús Bao Bouzas sinala que xa teñen dito en sucesivos plenos que contratar si se pode contratar, outra cousa é que o goberno o entenda doutro modo.

O Sr. alcalde di que ten que preguntarlle como facelo sen incorrer nun delito. Di que se llo explica, el encantado de sabelo.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Antes de dar lectura ás preguntas presentadas para este pleno, dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC, manifesta que teñen pendentes unha pregunta do pleno anterior, no que non estaba o concelleiro de Obras e Servizos, e o Sr. alcalde díxolles que ou ben por escrito ou ben que lla fixeran no pleno seguinte.

A continuación dálle lectura á pregunta presentada para o pleno ordinario do día 5 de setembro de 2013, que consta do seguinte teor literal:

O pasado 9 de abril veciños da Barcala solicitaron por rexistro o arranxo da beirarrúa na esquina das rúas Río Barcés con Río Mero. A día de hoxe non obtiveron ningunha resposta.

A beirarrúa estase deteriorando cada día máis debido á saída dos vehículos do garaxe.

Cando ten previsto o goberno arranxar a dita beirarrúa?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que cando teñan o persoal da brigada contratada a través do plan de cooperación da Xunta.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que estiveron falando da rúa Estanque. El cre lembrar que foi o partido socialista quen no seu día dixo que había uns colectores de lixo que estaban molestando. Di que se retiraron eses colectores de lixo, pero agora o que fan é aparcar alí os coches. Rogaríalle que a policía vixiara un pouco para que non poidan facelo, xa que si que é moi perigoso. É a incorporación e xa atropelaron alí a unha persoa. Refírese a rúa Estanque coa rúa Tapia.

Don Manuel Marante Gómez contesta que se vixiará e o terán en conta.

A continuación, dáse lectura ás preguntas presentadas para este pleno, que foron rexistradas de entrada ao núm. 12632 o día 21 de setembro de 2013.

1ª Hai unhas semanas fíxosenos entrega dun avance do denominado “Estudo de mobilidade na área metropolitana da Coruña”. O día 27 de agosto de 2013 o Sr. alcalde fai declaracións comentando: “unha vez que teñamos o documento, estudaremos cos técnicos do concello se a intensidade media diaria é de 4600 vehículos, algo que me parece moi baixo, mentres que a conexión coa AP-9 é de 22000. Faremos unha valoración máis oficial cando teñamos toda a información”. Segundo o Sr. alcalde este estudo chegoulle ao mesmo tempo que nolo entregou á oposición. Pasadas unhas semanas e ante a importancia que este estudo ten para o desenvolvemento do noso municipio, preguntámoslle:

Realizaron o estudo que anunciou en prensa?, e se é así, que conclusións sacaron?

O Sr. alcalde contesta que el a un estudo que lle mandou a Xunta de Galicia, pouco máis lle ten que facer, porque é un estudo de mobilidade de coches previstos, e pouco pode facer. O que si fixo é concertar para a vindeira semana unha reunión coa directora xeral de Infraestruturas, co fin de falar sobre o tema.

2ª As pistas polideportivas do noso concello encóntranse en estado de abandono, en concreto as pistas de Pravio, Sigrás e Brexo Lema están nunha situación lamentable, a rede perimetral rota (nalgún caso con risco para os veciños), as porterías sen rede, e o ámbito sen coidar. Ten o goberno municipal pensado un contrato de mantemento para este tipo de infraestruturas? Cando teñen pensado arranxalas?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que na pregunta se citan tres pistas que efectivamente están en mal estado, pero tamén teñen que ser conscientes de que dende o departamento de Deportes leva tempo adecuar e mellorar as pistas parroquiais, como se lles coñece a estas pistas.

Efectivamente esas tres están na lista para ser reparadas, e contan con executar as reparacións antes de que finalice o ano, para facelo co orzamento que teñen actualmente.

Respecto do contrato de mantemento ao que fai mención a pregunta, di que se valorou por parte do goberno. Neste concello xa houbo un contrato de mantemento das pistas polideportivas asinado coa empresa Jardíncelas, pero o elevado custo e aparentemente a pouco efectividade que tiña non aconsellaron volver a retomalo.

En todo caso di que si que cabe a posibilidade, de cara aos vindeiros orzamentos, que se avalíe para ver se cambiaron os custos co paso do tempo, xa que é un contrato que hai moito tempo que está extinto.

3ª En declaracións do goberno municipal á prensa a feira volverá en outubro ao seu lugar habitual. Ten pensado o goberno a instalación de fontes, bancos ou algún tipo de mobiliario urbano no Campo da Feira?

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que de momento papeleiras e fontes xa están colocadas, o resto de mobiliario si que en principio se vai colocar, pero sempre que sexa viable, por iso hai que agardar a que se desenvolvan as primeiras feiras, sobre todo para ver como se vai realizar a carga e descarga de mercadorías, co fin de localizar aquelas zonas nas que poidan instalarse sen que sexan un estorbo para esas actividades.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, expón que do pleno anterior tamén lles quedara a eles unha pregunta pendente para o Sr. Marante. A metade da pregunta está contestada, xa que se refería aos baños públicos portátiles, concretamente no parque Ramón Barba onde xa está instalado. Concretamente preguntaban se tiñan intención de dotar de servizos nos lugares necesarios, é dicir, se se fixera un estudo daqueles lugares onde sería necesario instalar eses servizos portátiles, ou se simplemente foi esa instalación puntual en relación coa petición que fixo EU.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non hai un estudo. Di que se instalou ese servizo porque así o solicitaban os veciños, pero neste momento non teñen previsto instalar máis.

A continuación, dáse lectura ás preguntas rexistradas de entrada ao núm. 12645 o día 21 de setembro de 2013, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1^a No pleno municipal de maio do 2012 o noso grupo presentaba unha iniciativa solicitando que se realizara un censo de bens inmobles rústicos e urbanos que estean censados e rexistrados a nome da Igrexa en Cambre, así como das súas entidades e asociacións afíns, e doutras confesións relixiosas. O voceiro do equipo de goberno comprometeuse a solicitar a dita información ao Catastro e á Deputación coa maior “brevidade posible”.

A dita pregunta foi contestada por escrito, manifestando que: “Actualmente non dispoñemos de nova información para poderlle transmitir ao seu grupo municipal.”

Con base no anterior, preguntamos:

Existe algunha novidade respecto do tema formulado?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que non existen novidades sobre este asunto.

Explica que quen tería que facer esta xestión sería a técnica que está encargada de elaborar o inventario de bens municipais, e a Sra. concelleira sabe que ten traballo arreo co inventario, máis as cuestións de patrimonio que lle están encomendadas.

En todo caso di que eles manteñen o compromiso. En canto teñan a oportunidade de facelo sen interromper o labor que para eles, e supón que para todos, é prioritario, que é facer o inventario de bens municipais, entón pediránlle que o faga.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, di que de todas formas o compromiso, se non se equivoca, fora o de solicitar información ao Catastro e á Deputación.

Don Felipe Andreu Barallobre explica que o certo é que eles teñen acceso a eses datos, o que pasa é que hai que consultalos. Nese momento el contestoulle así porque aínda non tiña coñecemento de que o Concello ten acceso aos datos do Catastro e aos propietarios. Di que directamente poden facer a busca dende o concello e non lle teñen que reclamar ao Catastro que lles pasen eses datos, poden facelo eles.

Dona M^a Olga Santos López di que poden, pero que non se fixo.

Don Felipe Andreu Barallobre di que non se fixo polo motivos que menciounou.

Dona M^a Olga Santos López sinala que a cuestión é que están falando, non de elaborar un censo, senón de facer unha consulta. Se lle di que o Concello ten acceso a eses datos, neste caso de Catastro, entón bastaría consultar a Catastro e ver se poden enviar a información.

Don Felipe Andreu Barallobre di que no concello teñen acceso a todos os datos sobre os propietarios, todos os datos completos. O Concello de Cambre ten acceso aos datos do Catastro que afectan ao termo municipal de Cambre, o problema é que hai que facer a consulta e facer o censo. Ese é o problema, e ese é o traballo que teñen que facer, que é o que se encargou aquí e que é o que non se fixo porque se están facendo outras cousas, que para o goberno, e supón que para todos, teñen máis prioridade.

Engade que igual para a Sra. concelleira ten prioridade outra cousa, para eles a principal prioridade no tema patrimonial é que se elabore o inventario de bens municipais, iso é para eles o prioritario. En canto poidan encargarlle á técnica outros traballos sen interromper os que está facendo, farano, el xa lles di que manteñen o compromiso.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que eles entenden que a prioridade non é enfrontar ao goberno coa Igrexa, iso está claro, pero en Cambre hai locais que non están pagando IBI, prazas de garaxe ou pisos que están exentos por ser parte da Igrexa. Di que iso tamén é unha prioridade para veciños que si están pagando.

2^a Na confluencia dos camiños de Seoane, A Rocha e San Lourenzo, existen uns valos de protección dunha obra que semella a recollida de augas pluviais das cunetas, os ditos valos levan varios meses no lugar, o que supón un perigo para a circulación rodada.

Que información ten o goberno respecto do asunto e cales son os motivos para non ter rematada a dita obra?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a semana que vén posiblemente se rematen todas as obras que estaban nese paquete do POS e que incluía Cecebre, Pravio, Anceis, Sigrás, etc. A semana que vén deberían estar todas rematadas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, solicita que, cando menos, se volvan colocar os sinais indicativos de que hai unha obra, porque xa os tapan as silvas e a maleza que hai nas cunetas, por iso pide que se coloquen ben.

3ª Pode informarnos o Sr. alcalde das xestións realizadas coas familias Molina-Caruncho, propietarias dos terreos preto do concello, co fin de que os adecúen e da posibilidade de utilizalos para aparcadoiro público?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que con respecto a esta parcela tense iniciado unha orde de execución para corrixir o estado de abandono do terreo, iso por un lado. Por outra parte, di que están intentando quedar cunha das herdeiras, coa que xa tiveron un contacto telefónico, para ver se poden reunirse e axilizar o proceso.

Falan na pregunta da posibilidade de habilitalo como aparcamento público, que sempre se valorou, cre que por parte de todos, pero tamén cre que habería que estudar un pouco a situación na que se atopa a parcela, porque agora, cando se ten rozado, por exemplo, tense visto que quedan restos da ruína da casa que estaba aí, e ela non sabe se compensa ou non, economicamente falando, o arranxo e limpeza dese terreo para habilitar un aparcadoiro, co tamaño que ten o terreo e co que se poidan atopar nel. Di que iso tamén habería que valoralo unha vez visto o que se puido apreciar agora coa roza que se ten feito.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el pensaba que todos tiñan claro o que hai debaixo das silvas, non hai tantos anos que se apreciaban perfectamente dúas casas que se derrubaron e están aí. O que eles lle pedían ao Sr. alcalde era a posibilidade de negociar con esa xente, facer a retirada dos entullos, e utilizar o terreo, ao mellor poñendo uns prazos, para aparcadoiro público, que é algo do cal en Cambre carecen bastante, sobre todo no centro.

Di que a el chámalle a atención, porque cando lle contestou o Sr. alcalde a esta pregunta aquí no pleno, aseguroulle que, transcorridos os prazos, ía meter aí as máquinas a limpar todo. Iso foi o que asegurou o Sr. alcalde, que rematados os prazos lles aseguraba, que non o dubidaran, que metía as máquinas e limpaba todo. Iso foi en novembro do 2012.

O Sr. alcalde sinala que os prazos xa llos dixo a Sra. concelleira, os prazos aínda non remataron. A familia está requirida e el tense que ater a iso. Pola contra, onde está a Policía xa meteron a máquina.

Conclúe dicindo que o terreo é deles, non é do concello, pero a familia está requirida e el vai esgotar os prazos.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que evidentemente, pero que os prazos se esgotan en función de cando se solicita, porque isto vén de novembro do 2012. Pregunta, entón, cales son os prazos que se poñen, porque serán os mesmos prazos que se poñen para as demais persoas que teñen a maleza e as silvas nos camiños. Imaxina que é o mesmo caso, e que se tramita o correspondente expediente, pero o Sr. alcalde xa dixo que van catro veces que os apercibiu e que a próxima vez entraban coas máquinas.

Conclúe dicindo que a el o que lle chama a atención é que este ano fixeron unha pequena limpeza e quedaron aí todo o resto de entullos, é unha mágoa que non se poida aproveitar esa parcela para un aparcadoiro.

O Sr. alcalde manifesta que para el é unha desgraza, como para o Sr. concelleiro, pero o trámite administrativo impídelle entrar coas máquinas nos terreos, se non fora así, dille que en moitas entraría, pero hai que darlles os recursos e os prazos aínda non acabaron, pero acabarán.

Conclúe reiterando que el o que dixo é que cando acaben os prazos, e cando acaben os requirimentos, que non se preocupen, que será o primeiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia